



FOGGA | FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA
Memoria 2008







EDITA
FOGGA / Fondo Galego de Garantía Agraria

MAQUETACIÓN
ANDAINA  PUBLICIDADE

DEPÓSITO LEGAL
PO 556-2008

No marco da política de optimización dos recursos da Xunta de Galicia esta memoria non se publicará en formato papel, senón unicamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do FOGGA e mediante unha edición limitada de memorias electrónicas reutilizables.

ÍNDICE

	10	PRESENTACIÓN
ÁREA PRIMEIRA	14	O ORGANISMO
	15	1.1. Denominación e natureza
	15	1.2. Estrutura e funcións
	16	1.3. Organigrama do Fogga
	17	1.4. Recursos humanos e réxime interior
	19	1.5. A evolución das transferencias da PAC ao sector agrario galego
ÁREA SEGUNDA	26	PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC
	27	2.1. Marco comunitario do réxime.
	27	2.1.1. A reforma da PAC de 2003. Preparando o “exame de saúde”
	28	2.1.2. O modelo español de aplicación da reforma
	29	2.1.3. Características e elementos básicos do Réxime de Pagamento Único por explotación
	29	2.1.3.1. A asignación inicial de dereitos do Réxime de Pagamento Único
	30	2.1.3.2. A reserva nacional de dereitos do Réxime de Pagamento Único
	31	2.1.3.3. Utilización dos dereitos de axuda
	31	2.1.3.4. Cesión de dereitos de axuda
	32	2.1.4. Modulación
	32	2.1.5. Condicionalidade
	33	2.2. Normas aplicables e actuacións levada a cabo en 2008
	34	2.2.1. Asignación de dereitos da Reserva Nacional
	34	2.2.2. Cesión de dereitos de axuda
	35	2.2.3. Utilización de dereitos de axuda
	36	2.2.4. Beneficiarios e requisitos no Réxime de Pagamento Único
	39	2.2.5. Importe das axudas
	39	2.3. Resultados da xestión
	39	2.3.1. Xestión de dereitos de Réxime de Pagamento Único
	49	2.3.2. Axuda do Réxime de Pagamento Único correspondente a 2007
	49	2.3.2.1. Presentación de solicitudes
	54	2.3.2.2. Pagamento das axudas do Réxime de Pagamento Único
	57	2.3.3. Evolución das axudas directas a explotacións derivadas da PAC no período 2000 a 2008
	59	2.3.4. Modulación. Aplicación ás axudas da campaña 2007.
	64	2.3.5. Condicionalidade
	64	2.3.5.1. Competencias e actuacións

	65	2.3.5.2. Plans de controis 2008
ÁREA TERCEIRA	70	ACTUACIÓNS EN PRODUCIÓNS AGRÍCOLAS
	71	3.1. Cereais e outros cultivos herbáceos
	71	3.1.1. Marco comunitario de apoio ao sector
	72	3.1.2. Resumo das normas aplicables na campaña 2007-2008
	73	3.1.3. Resultados da xestión
	73	3.1.3.1. Pagamentos ligados por superficies e declaración de superficies forraxeiras
	82	3.2. Viños e alcois
	82	3.2.1. Marco comunitario de apoio ao mercado
	82	3.2.2. Resultados da xestión.
	83	3.3. Hortofrutícola
	83	3.3.1. Marco comunitario de apoio ao mercado
	84	3.3.2. Resultados da xestión
ÁREA CUARTA	86	ACTUACIÓNS EN PRODUCIÓNS GANDEIRAS
	87	4.1. Carne de vacún
	87	4.1.1. Marco comunitario de apoio ao sector
	88	4.1.2. Resumo das normas aplicables ás axudas directas en 2008
	88	4.1.2.1. Axudas ligadas á produción
	89	4.1.2.2. Novos pagamentos adicionais no sector do gando vacún de carne (art. 69 do Regulamento 1782/2003)
	91	4.1.3. Resultados da xestión de axudas ao sector de carne de vacún
	91	4.1.3.1. Vacas nutrices
	102	4.1.3.2. Prima por sacrificio de bovinos
	108	4.1.3.3. Pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices (art. 69 Regulamento 1782/2003)
	111	4.1.3.4. Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (art. 69 Regulamento 1782/2003)
	114	4.2. Ovino-cabrún
	114	4.2.1. Marco comunitario de apoio ao sector
	114	4.2.2. Resumo das normas aplicables na campaña 2008
	115	4.2.3. Resultados da xestión das axudas
	125	4.3. Leite e produtos lácteos
	125	4.3.1. Marco comunitario para o sector.
	126	4.3.2. Resumo das normas aplicables en 2007
	126	4.3.2.1. Taxa suplementaria no sector lácteo
	127	4.3.2.2. Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003)
	128	4.3.2.3. Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares

ÍNDICE

	129	4.3.2.4. Axuda ao almacenamento privado de manteiga
	129	4.3.3. Resultados da xestión
	129	4.3.3.1. Taxa suplementaria no sector lácteo. Balance da campaña láctea 2007-2008
	136	4.3.3.2. Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003).
	140	4.3.3.3. Axudas á utilización de leite nos centros escolares
	141	4.3.3.4. Axuda ao almacenamento privado de manteiga
	141	4.3.3.5. Intervención de produtos lácteos
	142	4.4. Porcino.
	142	4.4.1. Marco comunitario para o sector
	142	4.4.2. Resumo das normas aplicables
	143	4.4.3. Resultados da xestión das axudas
ÁREA QUINTA	144	XESTIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS
	145	5.1. Obxecto do SIXPAC
	145	5.2. Xestión no ano 2008
	145	5.2.1. Actuacións para o mantemento do SIXPAC
	147	5.2.2. Renovación do SIXPAC
	148	5.2.2.1. Renovación da ortofotografía aérea
	149	5.2.2.2. Renovación da malla catastral
	150	5.2.3. Outras actuacións en relación co SIXPAC
ÁREA SEXTA	152	XESTIÓN ECONÓMICA
	153	6.1. Xestión do orzamento
	153	6.1.1. Orzamento de gastos. Liquidación
	154	6.1.2. Modificacións orzamentarias
	157	6.1.3. Tesouraría
	158	6.2. Contratación administrativa
	158	6.2.1. Contratos de subministración
	158	6.2.2. Contratos de servizos e asistencias
ÁREA SÉTIMA	162	ORGANISMO PAGADOR DOS FONDOS EUROPEOS AGRARIOS
	163	7.1. FEAGA
	163	7.1.1. Execución e contabilización
	166	7.1.2. Relacións co Fondo Español de Garantía Agraria(FEGA) na súa calidade de órgano de coordinación
	167	7.1.3. Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro
	167	7.1.4. Relacións coa intervención delegada da Consellería do Medio Rural

	167	7.1.5. Relacións coas entidades financeiras colaboradoras
	168	7.1.6. Gastos de intervención de mercados
	168	7.2. FEADER
	168	7.2.1. Execución e contabilización
	171	7.2.2. Relacións co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) na súa calidade de órgano de coordinación
	171	7.2.3. Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro
	172	7.2.4. Relacións coa intervención delegada da Consellería do Medio Rural
	172	7.2.5. Relacións coas entidades financeiras colaboradoras
	172	7.3. Coordinación financeira e de procedementos
	172	7.3.1. Coordinación coas subdireccións xerais xestoras
	173	7.3.2. Coordinación coa Subdirección Xeral de Orzamentos
	173	7.3.3. Coordinación coa auditoría das contas FEAGA e FEADER
	175	7.3.4. Investigacións e visitas de control
ÁREA OITAVA	178	ACTUACIÓNS DE APOIO E ASESORAMENTO ADMINISTRATIVO
	179	8.1. Asesoramento, estudos e información
	179	8.2. Normativa: elaboración e publicación
	179	8.3. Revisión de actos
	180	8.4. Reintegro de pagamentos indebidos: tramitación e coordinación
	181	8.5. Renuncias aos pagamentos das axudas
	181	8.6. Taxa láctea: procedemento sancionador
	181	8.7. Coordinación informática
ÁREA NOVENA	184	AUDITORÍA INTERNA
	185	9.1. Competencias
	185	9.2. Programa de actuacións
ÁREA DÉCIMA	188	ANEXOS
	189	10.1. Evolución dos pagamentos segundo exercicios FEAGA (anterior FEOGA-G). Período do 16/10/1996 ao 15/10/2007
	192	10.2. Evolución dos pagamentos FEAGA (anterior FEOGA-G) segundo anos naturais. Período do 01/01/1997 ao 31/12/2007
	195	10.3. Pagamento FEADER. Ano natural 2007
ÁREA UNDÉCIMA	200	ÍNDICE DE CADROS E GRÁFICOS
	201	11.1. Índice de cadros
	205	11.2. Índice de gráficos

ÍNDICE





PRESENTACIÓN

O Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), organismo autónomo dependente da Consellería do Medio Rural, configúrase como un dos instrumentos da Comunidade Autónoma de Galicia para contribuír a un medio rural sostible económica e socialmente, en armonía co medio ambiente e xerador dos produtos de alta calidade e valor engadido que esixe o mercado.

Ao FOGGA correspóndelle a responsabilidade de facer chegar aos agricultores e gandeiros, operadores comerciais e industriais agroalimentarios de Galicia, as medidas de apoio á renda e impulso que a Política Agrícola Común arbitra a favor de quenes contribúen á consecución dos seus fins, no eido dos mercados de produtos agrarios e de desenvolvemento rural.

A Memoria 2008 do Fondo Galego de Garantía Agraria supón o reflexo da xestión do organismo no citado exercicio, na súa dobre vertente, de organismo autónomo dependente da Consellería do Medio Rural, encargado da aplicación en Galicia das axudas directas e as restantes medidas de prezos e mercados da Política Agraria Común; e como organismo pagador dos fondos agrarios europeos nesta Comunidade Autónoma.

No marco da transparencia que rexe a actuación da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria preséntanse os resultados da xestión do organismo que xestionou o pagamento de preto de 155 millóns de euros do Fondo Europeo Agrario de Garantía Agrícola, e de 40 millóns de euros, cun gasto público total de 69 millóns de euros, do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural.




Co obxecto de constituír unha ferramenta útil de consulta e información sobre as medidas de aplicación da PAC en Galicia, e os aspectos técnicos, económicos e financeiros que conleva, preséntase esta memoria aprobada polo Consello de Dirección do organismo o pasado 29 de xullo de 2009, que está dispoñible na sede electrónica do organismo:

http://mediorural.xunta.es/fogga/publicacions_e_estadisticas/

José Álvarez Robledo
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria



PRESENTACIÓN



O ORGANISMO

1.1. DENOMINACIÓN E NATUREZA

O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) é un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, con personalidade xurídica e patrimonio de seu, posuíndo plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O organismo creouse mediante a Lei 7/1994, do 29 de decembro (DOG nº 4, do 5/01/1995) coa denominación de Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), pasando á denominación actual en virtude do disposto na disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro (DOG nº 251, do 31/12/2002).

O Fogga está adscrito á Consellería do Medio Rural, de conformidade co previsto no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

1.2. ESTRUTURA E FUNCÍONS

As funcións encomendadas ao organismo veñen previstas na Lei 7/1994, así como no Decreto 128/1996, do 14 de marzo (DOG nº 66, do 2 de abril), polo que se desenvolve a dita lei, en relación co Decreto 562/2005, do 1 de decembro.


Ademais, en virtude do establecido no Decreto 155/2006, do 7 de setembro (DOG nº 181, do 19), o FOGGA ten atribuídas as funcións de organismo pagador dos fondos europeos agrarios (FEAGA e FEADER) en Galicia, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño, sobre o financiamento da política agraria común, e no Regulamento (CE) 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño, que establece as disposicións de aplicación do anterior, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos, e á liquidación das contas do Feaga e do Feader.

No exercicio desas funcións, o Fogga desenvolveu ao longo do ano 2008 as accións necesarias para a aplicación da política agraria común en Galicia, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA) así como as actuacións conducentes á execución e á contabilización de todos os pagamentos do dito fondo, mais os do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Polo que respecta á estrutura administrativa do organismo, esta vén establecida, baixo a dependencia directa do seu director, no artigo 15 do Decreto 318/2009, do 4 de xuño, correspondéndose co organigrama que se indica no punto seguinte.

Neste sentido, cómpre destacar a ampliación funcional realizada mediante o citado decreto, en virtude do cal, se integra no organismo, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Xestión da PAC o servizo de axudas complementarias, ao cal lle corresponde a xestión das axudas á renda das persoas titulares das explotacións agrarias no marco dos programas de desenvolvemento rural, e das medidas en relación coa mellora do ambiente e do contorno rural para a utilización sustentable das terras agrícolas, principalmente indemnizacións por dificultades naturais, axudas agroambientais e axudas ao benestar dos animais.

1.3. ORGANIGRAMA DO FOGGA



Cadro 1.1
Organigrama do FOGGA

1.4. RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR

En materia de **xestión de recursos humanos e réxime interior** as tarefas desenvolvidas polo Fogga ao longo do ano 2008 foron as ordinarias nas seguintes materias:

> **Habilitación:** xestión dos gastos de persoal -nóminas e seguridade social- así como dos gastos correntes en bens e servizos.

> **Xestión de persoal:** tramitación de todas as actuacións e incidencias producidas ao longo do ano en relación coa xestión do persoal funcionario e laboral dependente do organismo, tanto de servizos centrais como provinciais.

> **Xestión do réxime interior:** respecto do persoal pertencente aos servizos centrais do organismo.

Inclúense, con carácter xeral, as seguintes:

a) A xestión orzamentaria dos capítulos I (persoal) e II (gastos correntes e de servizos), coa xestión de 113 pagamentos por un importe de 4.066.407,89 euros no primeiro caso (3.330.350,32 euros, de retribucións de persoal, e 736.057,57 euros, para os custos da Seguridade Social, Muface e outros), e de 1272 expedientes de adquisición de bens correntes e de servizos, no segundo.

b) A tramitación das altas, baixas e modificacións na Seguridade Social 244.

c) A tramitación dos partes de variación da nómina do persoal (297).

d) A elaboración das tomas de posesión, cesamentos, readscricións e trienios do persoal do organismo (154).

e) A tramitación das solicitudes de comisións de servizos e cobertura temporal de vacantes (33).

f) A emisión de todas as certificacións relativas ao persoal, incluídas as dos concursos, cursos de formación, fondo de acción social e de haberes (382).

g) O control horario diario e mensual (512 partes), xunto coa tramitación das tarxetas identificativas do persoal e a súa actualización (32).

h) A tramitación dos permisos, vacacións e licenzas (247).

i) O control da entrada e saída do rexistro administrativo nos servizos centrais (6.265 entradas e 4.689 saídas).

Con referencia á data do 31 de decembro de 2008, o organismo ten un total de 118 empregados públicos, dos que 101

(85,6%) son funcionarios (71 de carreira e 30 interinos) e 17 ostentan a condición de persoal laboral. Deste total, cabe salientar que nos servizos centrais se atopan 44 (o 37,3% de efectivos) mentres que 74 (62,7%) prestan os seus servizos nos catro servizos provinciais do Fogga. Nos cadros seguintes sinálase a distribución dos efectivos, tanto de persoal funcionario como laboral, a variación dos efectivos reais e a variación dos postos de traballo producidos:

Destino	Persoal funcionario				Persoal laboral				Total persoal FOGGA	% Sobre total persoal FOGGA
	de carreira	interino	total	%	fixo	temporal	total	%		
SS.CC.	25	17	42	41,6	2	0	2	11,8	44	37,3
SS.PP.	46	13	59	58,4	11	4	15	88,2	74	62,7
TOTAL	71	30	101	100	13	4	17	100	118	100

Cadro 1.2
Persoal funcionario e laboral por destinos

Destino	Persoal funcionario			Persoal laboral		
	31-12-07	31-12-08	Variación	31-12-07	31-12-08	Variación
SS.CC.	41	42	1	2	2	0
SS.PP.	61	59	-2	14	15	1
TOTAL	102	101	-1	16	17	1

Cadro 1.3
Variación de efectivos

Destino	Postos funcionarios			Postos laborais		
	31-12-07	31-12-08	Variación	31-12-07	31-12-08	Variación
SS.CC.	42	43	1	1	1	0
SS.PP.	68	67	-1	8	8	0
TOTAL	110	110	0	9	9	0

Cadro 1.4
Variación de dotacións dos postos da RPT do Fogga

Tralo acondicionamento do arquivo levado a cabo xa no ano 2006, durante este exercicio realizáronse tarefas de reorganización e arquivo dos expedientes xestionados polo organismo en servizos centrais, de acordo cos criterios indicados polo responsable do Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte.

1.5. A EVOLUCIÓN DAS TRANSFERENCIAS DA PAC AO SECTOR AGRARIO GALEGO

A PAC ten evolucionado nos últimos anos. Mantendo os seus obxectivos proclamados (conseguir un sector agrario competitivo, ofrecer ao consumidor alimentos sans e de calidade, garantir un nivel de vida axeitado aos agricultores e conservar o medio natural), diminuíron as medidas relacionadas co apoio aos mercados agrarios, incrementaron as axudas directas aos agricultores e, finalmente, desligáronse as axudas da produción agraria, condicionándoas ao respecto de requisitos legais de xestión e ao mantemento das boas condicións agrarias e medioambientais.

Na estrutura administrativa española, a aplicación das medidas e a xestión dos recursos económicos derivados da Política Agraria Común (PAC) lévase a cabo conforme á distribución de competencias entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas. Por esta razón as transferencias correspondentes ao sector primario galego, en función da natureza do gasto, poden realizarse a través do Organismo Pagador ou a través de Organismos do Ministerio de Medio Ambiente e medio Rurale Marino, como o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e o Fondo de Regulación e Organización do Mercado dos Produtos de Pesca e dos Cultivos Mariños (FROM) no sector pesqueiro.

No cadro 1-5 resúmese a evolución dos pagamentos totais dos organismos pagadores do Estado no período 2002-2008, ano no que o Fogga, organismo pagador de Galicia, ocupa o lugar número 8 cuns pagos de máis de 191.97 millóns de euros, o que supón un 3,07 % dos pagamentos totais no Estado. É necesario indicar que determinados pagamentos correspondentes ao sector agrario galego non están rexionalizados, sendo efectuados directamente polo FEGA, como son os relativos ás restitucións á exportación de produtos ou compensacións por depreciación de existencias.

A evolución destes pagamentos por sectores reflíctese no cadro 1-6, para o conxunto do Estado e para Galicia no mesmo período 2002-2008.

En xeral, a realización dun pagamento nun sector a finais dun ano ou a principios doutro pode dar lugar a variacións de importes totais pagados en cada un dos anos que non reflicten outra cousa que o adianto ou o atraso da transferencia correspondente. Este aspecto ten maior influencia despois da última reforma da PAC xa que o período de pago das axudas directas a explotacións dunha campaña iniciase o 1 de decembro do ano da solicitude e remata o 30 de xuño do ano seguinte. O seguimento e análise dos pagamentos anuais directos por sectores e por campaña da solicitude en Galicia pode verse no Cadro 2.21.

No cadro 1.5 pódese observar un incremento constante dos pagamentos totais en Galicia tanto en valor absoluto desde o ano 2002 ao ano 2006, pasando de 130,4 millóns de euros en 2002 a 210,2 millóns de euros en 2006, o que supón un incremento de máis dun 61%, como en porcentaxe sobre o total de pagamentos no Estado, que evolucionou do 1,99% en 2002 ao 3,39% en 2006, situándose en 2008 no 3,07 %.

É necesario ter en conta que no ano 2006, coa implantación do réxime de pagamento único integráronse nesta axuda, no caso de Galicia, o 90% da prima láctea, o 75% das axudas a cultivos herbáceos, o 50% das primas de ovino cabrún, o 60% da prima por sacrificio de bovinos adultos e o 93% da prima especial de vacún e da referida á extensificación.

Tamén en Galicia están contabilizados no ano 2006 os pagos anuais de axudas directas ao sector vacún de carne solicitados no ano 2005. Polo tanto, por efecto da implantación do réxime de pagamento único, no sector da carne de vacún, concentráronse no ano 2006 as primas dun ano natural previo á implantación do novo réxime coa parte destas primas que se integraron no pagamento único por explotación.

Este feito supuxo un incremento anormal na contabilización das primas deste sector equivalente a 33,1 millóns de euros. Esta circunstancia deuse tamén, en menor grao, 3,1 millóns de euros, no sector dos cultivos herbáceos.

En Galicia, nos anos 2007 e 2008 xa non tivo lugar a duplicidade parcial na contabilización de axudas nos sectores indicados por implantación do pagamento único, e por outra banda non existen pagamentos por utilización de aceite de oliva na fabricación de conservas de peixe pola desaparición desta axuda, polo que estes feitos afectan ao importe dos pagamentos realizados en 2007 e 2008 en relación cos feitos en 2006.

Neste ano 2007 as actuacións en desenvolvemento rural realízanse no novo marco dos Programas de Desenvolvemento Rural para o período 2007-2013. O programa correspondente a Galicia recibiu o informe favorable do Comité de Desenvolvemento Rural da UE en decembro de 2007. Isto significa que 2007 foi un ano tamén de transición entre dous períodos de programación, o que, sen dúbida, tivo repercusión na xestión dos pagamentos por este concepto, que pasan a financiarse polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER) en vez de facelo con cargo ao FEAGA (antigo FEOGA-Garantía).

Pode salientarse no conxunto do Estado:

- ▶ A tendencia xeral á diminución dos pagamentos totais, aínda que en 2007 se incrementaron en relación a 2006 e se manteñen en 2008.

- ▶ O incremento dos pagamentos no sector de viños e alcois, se ben cun descenso nos anos 2007 e 2008.

- ▶ O incremento dos pagamentos, a partir de 2004, no sector lácteo, até o ano 2005 xa que en 2006 intégrase a prima láctea no pagamento único.

- ▶ O incremento dos pagamentos relativos ao desenvolvemento rural até 2006, xa que en 2007 diminúen ao iniciarse o novo período de programación 2007-2013, para volver a incrementarse en 2008.

No correspondente a Galicia obsérvase:

- ▶ Un incremento dos pagamentos no sector do leite e produtos lácteos como consecuencia da introdución da prima láctea en 2004, con incrementos en 2005 e 2006, aínda que neste ano integrouse un 90% desta prima no pagamento único.

- ▶ Un incremento nas axudas contabilizadas no ano 2006 por acumulación, principalmente no sector de vacún de carne, dos pagos directos da campaña 2005 coa axuda deste sector desligada da produción e integrada no pago único en 2006.

► A eliminación da axuda ao aceite de oliva utilizado na fabricación dunha ampla gama de conservas de peixe, a partir de novembro de 2005, deu lugar a que, aínda que en 2006 se pagaran máis de 5,7 millóns de euros de axudas por este concepto pendentes de xestión, en 2007 e 2008 xa non se realizaran pagamentos desta axuda.

Nos cadros 1-7 a 1-12 resúmese a evolución dos pagamentos, no período 2002-2008, para as Comunidades Autónomas de Galicia, Andalucía, Asturias, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, o FEGA e o resto dos Organismos Pagadores e o total do Estado, para os sectores do leite e produtos lácteos, carne de vacún, carne de ovino e cabrún, cultivos herbáceos, viños e alcois e desenvolvemento rural.

No sector do leite e produtos lácteos, cadro 1-7, aínda que os pagamentos en 2006, 2007 e 2008 diminúen polo feito da integración do 90% das axudas no réxime de pagamento único, a porcentaxe de Galicia no total dos pagos do Estado incrementouse do 0,42% en 2002 ao 15,12 % en 2008.

No sector da carne de vacún, cadro 1-8, existe un incremento continuado dos pagamentos en Galicia, agás no ano 2006, como consecuencia dos incrementos da prima especial de bovino macho e da prima de sacrificio, aínda que diminuíron as vacas nutrices primadas. Evolución similar teñen os pagamentos en Asturias, mentres que en Extremadura existe un incremento en valor absoluto en todos os anos. A evolución da porcentaxe de pagamentos de cada Comunidade Autónoma sobre o total do Estado vese influenciada pola diminución de pagamentos do FEGA no relativo a restitucións á exportación. Nos anos 2007 e 2008 a diminución é importante pola integración de parte destas axudas no réxime de pagamento único.

No sector de carne de ovino-cabrún, cadro 1-9, a porcentaxe dos pagamentos de Galicia en relación co total do Estado varía do 1,18 % en 2002 ao 0,81 % en 2008. Existe unha diminución continuada do importe total de pagamentos anuais en Galicia e en case todas as Comunidades Autónomas pola diminución dos censos de ovino-cabrún. O menor importe pagado en 2006, 2007 e 2008 é debido á integración do 50% dos pagos no pagamento único por explotación.

Tamén no sector de cultivos herbáceos, cadro 1-10, a porcentaxe dos pagamentos de Galicia en relación co total do Estado varía do 1,63% en 2002 ao 0,91 % en 2008.

Esta axuda integrouse nun 75% no pagamento único a partir de 2006, polo que os pagamentos feitos nos anos 2006, 2007 e 2008 corresponden ao 25% dos importes que se manteñen ligados á produción.

No sector de viños e alcois, cadro 1-11, os pagamentos en Galicia varían entre o 0,79% en 2007 e o 1,34% en 2005, e corresponden, tomando as cifras de 2007, nunha porcentaxe superior ao 96% a accións de reestruturación e reconversión do viñado e o resto a medidas relacionadas coa destilación de subprodutos. Castilla-La Mancha, con 198,97 millóns de euros en 2008, concentrou o 55,47% dos pagamentos do sector no Estado.

No relativo ao desenvolvemento rural (cadro1-12), despois dun incremento continuo dos pagamentos a nivel de todo o Estado no período 2002-2006, estes rexistran unha importante diminución en 2007 e un novo incremento en 2008.

A porcentaxe dos pagamentos de Galicia varía do 5,77% en 2004 ao 10,15% en 2007 e 8,75 % en 2008, cun importe total nesta Comunidade Autónoma de 37,1 millóns de euros neste ano.

A posta en marcha ao longo de 2007 dos Programas de Desenvolvemento Rural nas distintas Comunidades Autónomas, e polo tanto en Galicia, para o novo período 2007-2013 ten influído na xestión destas axudas e producido cambios importantes nas actuacións a financiar en relación co período 2000-2006.

OO.PP.	2002		2003		2004		2005		2006		2007		2008	
01 Andalucía	1852129,8	28,22%	1773376,8	27,61%	1790238,0	26,59%	1682054,3	26,84%	1486869,7	23,97%	1905355,1	30,44%	1691705,4	27,02%
08 Cast. León.	922877,2	14,06%	917233,0	14,28%	956412,9	14,21%	913396,4	14,57%	1024590,0	16,52%	1016426,0	16,24%	1006098,7	16,07%
07 Cast. La Mancha	846820,5	12,90%	806205,4	12,55%	969969,4	14,41%	844369,6	13,47%	866326,4	13,97%	938939,5	15,00%	855174,6	13,66%
10 Extremadura	590613,7	9,00%	616001,0	9,59%	633116,9	9,40%	622028,1	9,92%	616036,5	9,93%	614711,6	9,82%	700152,0	11,88%
02 Aragón	495732,1	7,55%	527946,7	8,22%	555264,4	8,25%	495940,4	7,91%	607592,5	9,80%	470024,5	7,51%	500003,8	7,99%
09 Cataluña	343342,8	5,23%	365614,1	5,69%	388100,8	5,77%	360164,6	5,75%	293696,1	4,74%	330441,4	5,28%	346291,7	5,53%
17 C. Valenciana	143083,5	2,18%	152905,0	2,38%	138035,9	2,05%	188901,6	3,01%	152032,2	2,45%	191143,6	3,05%	203333,4	3,25%
11 Galicia	130416,8	1,99%	131265,0	2,04%	159627,0	2,37%	168594,6	2,69%	210157,8	3,39%	166787,1	2,66%	191970,6	3,07%
05 Canarias	143616,7	2,19%	146680,9	2,28%	166042,7	2,47%	109188,2	1,74%	101849,1	1,64%	154370,3	2,47%	228562,9	3,65%
13 Murcia	93872,7	1,43%	94385,8	1,47%	99169,5	1,47%	105806,0	1,69%	111053,4	1,79%	132352,9	2,11%	114356,9	1,83%
14 Navarra	125647,4	1,91%	135055,5	2,10%	126312,5	1,88%	122145,9	1,95%	145019,9	2,34%	113961,1	1,82%	124575,0	1,99%
03 Asturias	56001,5	0,85%	63522,7	0,99%	71701,7	1,07%	85760,1	1,37%	88543,7	1,43%	86608,2	1,38%	85255,7	1,36%
15 País Vasco	60319,5	0,92%	63308,0	0,99%	58614,6	0,87%	59412,6	0,95%	51497,4	0,83%	72176,1	1,15%	54269,4	0,87%
16 La Rioja	40395,7	0,62%	38242,9	0,60%	47629,4	0,71%	33551,3	0,54%	47046,7	0,76%	46525,9	0,74%	40514,2	0,65%
12 Madrid	51549,0	0,79%	55069,7	0,86%	57334,7	0,85%	40273,6	0,64%	50910,5	0,82%	41477,1	0,66%	40774,6	0,65%
06 Cantabria	30120,1	0,46%	33464,2	0,52%	39009,2	0,58%	44988,3	0,72%	33840,2	0,55%	40220,5	0,64%	44426,6	0,71%
20 Fogaiba	25047,2	0,38%	19563,0	0,30%	31557,7	0,47%	31552,3	0,50%	35727,6	0,58%	28511,1	0,46%	28416,8	0,45%
00 Org. Coordinac.									-47958,3	-0,77%	-13484,1	-1,81%	0,0	0,00%
18 FEGA	608333,9	9,27%	481223,0	7,49%	442192,4	6,57%	357121,4	5,70%	325975,0	5,26%	238212,8	3,88%	3970,2	0,06%
19 FROM	2118,3	0,03%	934,6	0,01%	1646,3	0,02%	2654,0	0,04%	1673,4	0,03%				
Total (miles €)	6.562.056,3	100,00%	6.421.991,1	100,00%	6.731.956,1	100,00%	6.267.903,1	100,00%	6.202.479,8	100,00%	6.260.369,18	100,00%	6.259.852,5	100,00%

Cadro 1.5
Evolución dos pagamentos totais dos organismos pagadores en España, período 2002-2008

Cadro 1.6
Evolución dos pagamentos totais por sectores en España e en Galicia, período 2002-2008 (miles de euros)

	2002			2003			2004			2005			2006			2007			2008		
	Galicia	España	%	Galicia	España	%	Galicia	España	%	Galicia	España	%	Galicia	España	%	Galicia	España	%	Galicia	España	%
Réxime Pagamento Único													86.605,0	2.197.422,3	3,90	98.944,0	3.676.080,3	2,69	98.868,0	3.412.090,5	2,90
Cultivos Herbáceos	29.732,0	1.825.703,7	1,63	18.953,6	1.827.823,8	1,04	20.603,5	1.824.603,9	1,13	15.583,6	1.571.576,1	0,99	7.623,9	594.437,5	1,28	4.436,7	594.165,1	0,75	3.929,7	432.223,5	0,91
Legum./Forraxes/Admón.	120,8	196.724,5	0,06	67,4	162.931,5	0,04	70,9	242.995,6	0,03	41	55.040,3	0,01	41,2	108.824,8	0,04	-	66.937,8	0,00	-	77.754,7	0,00
Aceite de Oliva	11.049,7	1.150.905,6	0,96	11.832,0	1.064.712,9	1,11	12.151,9	1.043.181,4	1,16	9.474,5	985.858,5	0,96	5.779,0	282.161,8	2,05	-	90.216,6	0,00	-	107.832,1	0,00
Vinos e Alcois	5.095,2	444.130,4	1,15	5.388,7	432.946,5	1,24	5.279,8	471.770,6	1,12	6.963,9	521.174,7	1,34	4.392,0	485.492,7	0,90	3.401,2	432.561,9	0,79	3.474,1	358.716,7	0,97
Leite e produtos lácteos	361,5	85.787,1	0,42	295,3	57.679,4	0,51	20.989,9	116.073,5	18,08	40.777,3	146.848,0	27,77	7.132,7	12.912,3	55,24	8.979,7	67.007,1	13,40	8.274,7	54.728,3	15,12
Vacún	52.331,1	745.973,0	7,02	62.147,0	859.284,6	7,23	66.818,8	806.754,2	8,28	69.608,0	824.611,0	8,44	67.128,2	748.557,4	8,97	33.836,0	413.899,3	8,17	33.681,7	352.336,7	9,56
Ovino e cabrún	6.248,0	528.415,1	1,18	4.116,9	496.685,2	0,83	4.173,8	512.264,3	0,81	3.228,8	467.502,8	0,69	2.577,4	244.528,3	1,05	1.646,2	222.834,9	0,74	1.735,2	214.535,4	0,81
Porcino				75,9	16.431,8	0,46	70,8	6.599,6	1,07	7,7	2.414,5	0,32				-	4.844,2	0,00	261,3	23.515,1	1,11
Apicultura	178,9	3.887,1	4,60	198,7	4.411,8	4,50	156,7	4.501,3	3,48	164,4	4.755,4	3,46	163,1	4.461,0	3,66	-	525,0	0,00	188,8	4.100,3	0,00
Desenvolvemento rural	25.260,9	459.499,0	5,50	28.211,6	494.608,4	5,70	29.299,8	507.459,0	5,77	22.786,9	522.255,9	4,36	26.912,4	605.600,9	4,44	11.356,6	111.882,4	10,15	37.116,0	423.860,5	8,76
Modulación													2.834,2	55.094,5	5,14	3.903,1	75.435,2	5,17	4.735,5	92.406,4	5,12
Outros	38,6	112.030,8	0,0	-22,1	1.004.483,2	0,0	11,1	1.195.752,7	0,00	-4,6	1.165.865,9	0,00	-31,3	862.986,3	0,0	-22,1	503.979,3	0,0	-294,4	705.752,3	-0,04
Total (miles €)	130.416,8	6.562.056,3	1,99	131.265,0	6.421.999,1	1,99	159.627,0	6.731.956,1	2,37	168.594,6	6.267.903,1	2,69	210.157,8	6.202.479,8	3,39	166.481,4	6.260.369,1	2,66	191.970,6	6.259.852,5	3,07

Cadro 1.7
Evolución dos pagamentos no sector de leite e produtos lácteos en Galicia, España e varias Comunidades Autónomas, período 2002-2008 (miles de euros)

Leite e produtos lácteos	Galicia		Andalucía		Asturias		Cast. La Mancha		Cast. y León		Extremadura		FEGA e resto OOPP		España	
2002	361,5	0,42%	223,1	0,26%	2.226,4	2,60%	126,7	0,15%	1.959,7	2,28%	47,6	0,06%	80.842	94,24%	85.787,1	100,00%
2003	295,3	0,51%	180,9	0,31%	2.002,8	3,47%	149,6	0,26%	1.589,4	2,76%	44,7	0,08%	53.416,3	92,61%	57.679,0	100,00%
2004	20.989,9	18,08%	4.659,2	4,01%	10.561,3	9,10%	1.998,7	1,72%	10.205,3	8,79%	44,1	0,04%	67.616,0	58,25%	116.073,5	100,00%
2005	40.777,3	27,77%	8.602,1	5,86%	16.769,4	11,42%	4.271,4	2,91%	18.822,3	12,82%	1.287,9	0,88%	56.317,6	38,35%	146.848,0	100,00%
2006	7.132,7	55,24%	1.312,7	10,17%	2.393,7	18,54%	132,6	1,03%	2.635,3	20,41%	130,7	1,01%	-825,4	-6,39%	12.912,3	100,00%
2007	8.979,7	13,40%	1.063,2	1,59%	2.863,5	4,27%	673,8	1,01%	2.840,5	4,24%	151,3	0,23%	50.435,3	75,27%	67.007,1	100,00%
2008	8.274,7	15,12%	1.110,4	2,03%	2.382,3	4,35%	198,5	0,36%	2.560,0	4,68%	123,5	0,23%	40.078,9	73,23%	54.728,3	100,00%

Vacún	Galicia		Andalucía		Asturias		Cast. La Mancha		Cast. y León		Extremadura		FEGA e resto OOPP		España	
2002	52.331,1	7,02%	47.667,3	6,39%	32.583,3	4,37%	37.494,0	5,03%	183.389,4	24,58%	106.085,6	37,04%	286.422,3	38,40%	745.973,0	100,00%
2003	62.147,0	7,23%	93.152,3	10,84%	36.617,2	4,26%	49.406,5	5,75%	204.573,8	23,81%	118.452,3	40,16%	294.925,5	34,32%	859.274,6	100,00%
2004	66.818,8	8,28%	80.036,5	9,92%	35.763,6	4,43%	52.598,7	6,52%	207.871,4	25,77%	119.335,0	48,84%	244.330,2	30,29%	806.754,2	100,00%
2005	69.608,0	8,44%	79.754,1	9,67%	37.338,3	4,53%	50.522,0	6,09%	211.765,4	25,68	125.716,1	50,24%	250.207,1	30,34%	824.611,0	100,00%
2006	67.128,2	8,97%	64.021,4	8,55%	36.167,1	4,83%	48.357,4	6,46%	195.713,9	26,15	132.966,9	65,12%	204.202,5	27,28%	748.557,4	100,00%
2007	33.836,0	8,17%	59.453,5	14,36%	20.472,5	4,95%	32.145,8	7,77%	102.370,6	24,73%	74.230,7	17,93%	91.390,2	22,08%	413.899,3	100,00%
2008	33.681,7	9,56%	29.524,0	8,38%	19.908,0	5,65%	10.377,4	2,95%	100.238,7	28,45%	73.936,5	20,98%	84.670,5	24,03%	352.336,8	100,00%

Cadro 1.8
Evolución dos pagamentos no sector de carne de vacún en Galicia, España e varias Comunidades Autónomas, período 2002-2008 (miles de euros)

Ovino e cabrún	Galicia		Andalucía		Asturias		Cast. La Mancha		Cast. y León		Extremadura		FEGA e resto OOPP		España	
2002	6.248,0	1,18%	81.758,8	15,47%	190,2	0,04%	82.950,5	15,70%	112.520,8	21,29%	93.517,6	61,84%	151.229,2	28,62%	528.415,1	100,00%
2003	4.116,9	0,83%	79.259,2	15,96%	1.349,2	0,27%	73.692,2	14,84%	100.472,2	20,23%	93.200,9	64,46%	144.594,6	29,11%	496.685,2	100,00%
2004	4.173,8	0,81%	79.923,0	15,60%	1.191,9	0,23%	73.914,7	14,43%	100.598,7	19,64%	99.653,1	65,21%	152.809,1	29,83%	512.264,3	100,00%
2005	3.228,8	0,69%	73.751,6	15,78%	2.282,5	0,49%	72.028,4	15,41%	90.591,7	19,38%	91.114,2	67,74%	134.505,6	28,77%	467.502,8	100,00%
2006	2.577,4	1,05%	43.322,7	17,72%	494,8	0,20%	34.625,8	14,16%	46.605,9	19,06%	48.538,4	71,00%	68.363,3	27,96%	244.528,3	100,00%
2007	1.646,2	0,74%	31.260,5	14,03%	509,4	0,23%	32.856,6	14,74%	42.856,4	19,23%	45.976,5	20,63%	67.729,3	30,39%	222.834,9	100,00%
2008	1.735,2	0,81%	35.958,8	16,76%	492,7	0,23%	29.645,5	13,82%	41.159,8	19,19%	46.301,6	21,58%	59.241,8	27,61%	214.535,4	100,00%

Cadro 1.9
Evolución dos pagamentos no sector de carne de ovino-cabrún en Galicia, España e varias Comunidades Autónomas, período 2002-2008 (miles de euros)

Cultivos herbáceos	Galicia		Andalucía		Asturias		Cast. La Mancha		Cast. y León		Extremadura		FEGA e resto OOPP		España	
2002	29.732,0	1,63%	373.656,1	20,47%	2.365,8	0,13%	338.728,8	18,55%	520.476,8	28,51%	125.508,8	6,87%	435.232,7	23,84%	1.825.703,7	100,00%
2003	18.953,6	1,04%	420.887,8	23,03%	1.614,8	0,09%	309.776,4	16,95%	512.642,6	28,05%	126.961,8	6,95%	436.986,8	23,91%	1.827.823,8	100,00%
2004	20.603,5	1,13%	357.396,2	19,59%	1.302,2	0,07%	357.238,1	19,58%	524.082,0	28,72%	121.815,1	6,68%	442.166,8	24,23%	1.824.603,9	100,00%
2005	15.583,6	0,99%	329.614,8	20,97%	1.935,3	0,12%	292.771,2	18,63%	471.593,0	30,01%	89.460,7	5,69%	370.617,5	23,58%	1.571.576,1	100,00%
2006	7.623,9	1,28%	164.805,5	27,72%	552,6	0,09%	56.080,8	9,43%	151.592,7	25,50%	32.176,9	5,41%	181.605,1	30,55%	594.437,5	100,00%
2007	4.436,7	0,75%	166.999,0	28,11%	407,4	0,07%	144.113,7	24,25%	135.832,7	22,86%	25.735,9	4,33%	116.621,7	19,63%	594.165,1	100,00%
2008	3.929,7	0,91%	75.581,4	17,49%	1,6	0,00%	80.251,5	18,57%	123.903,7	28,67%	42.358,9	9,80%	106.196,7	24,57%	432.223,5	100,00%

Cadro 1.10
Evolución dos pagamentos no sector de cultivos herbáceos en Galicia, España e varias Comunidades Autónomas, período 2002-2008 (miles de euros)

Cadro 1.11
Evolución dos pagamentos no sector de viños e alcois en Galicia, España e varias Comunidades Autónomas, período 2002-2008 (miles de euros)

Viños e alcois	Galicia		Andalucía		Asturias		Cast. La Mancha		Cast. y León		Extremadura		FEGA e resto OOPP		España	
2002	5.095,2	1,15%	5.707,7	1,29%	52,6	0,01%	225.747,2	50,83%	13.161,6	2,96%	44.312,8	9,98%	150.053	33,79%	444.130,4	100,00%
2003	5.388,7	1,24%	6.116,1	1,41%	21,2	0,00%	241.627,8	55,81%	9.703,8	2,24%	40.350,5	9,32%	129.738,4	29,97%	432.946,5	100,00%
2004	5.279,8	1,12%	4.539,7	0,96%	87,2	0,02%	276.608,2	58,63%	8.483,8	1,80%	38.641,0	8,19%	138.130,9	29,28%	471.770,6	100,00%
2005	6.963,9	1,34%	5.128,5	0,98%	10,5	0,00%	286.867,5	55,04%	12.360,5	2,37%	46.048,0	8,84%	163.795,8	31,43%	521.174,7	100,00%
2006	4.392,0	0,90%	5.292,7	1,09%	3,5	0,00%	302.722,2	62,35%	7.636,0	1,57%	35.402,9	7,29%	130.043,4	26,79%	485.492,7	100,00%
2007	3.401,2	0,79%	5.159,6	1,19%	2,9	0,00%	254.942,0	58,94%	9.908,9	2,29%	40.037,1	9,26%	119.110,2	27,54%	432.561,9	100,00%
2008	3.474,1	0,97%	6.966,4	1,94%	14,3	0,00%	198.973,8	55,47%	8.063,0	2,25%	35.869,5	10,00%	105.355,8	29,37%	358.716,9	100,00%

Cadro 1.12
Evolución dos pagamentos en desenvolvemento rural en Galicia, España e varias Comunidades Autónomas, período 2002-2008 (miles de euros)

Desenvol. Rural	Galicia		Andalucía		Asturias		Cast. La Mancha		Cast. y León		Extremadura		FEGA e resto OOPP		España	
2002	25.260,9	5,50%	61.697,5	13,43%	18.360,3	4,00%	39.715,2	8,64%	63.378,1	13,79%	24.110,1	5,25%	226.976,9	49,40%	459.499,0	100,00%
2003	28.211,6	5,70%	73.212,6	14,80%	21.692,7	4,39%	44.136,0	8,92%	62.596,4	12,66%	30.371,5	6,14%	234.387,6	47,39%	494.608,4	100,00%
2004	29.299,8	5,77%	53.804,0	10,60%	22.606,6	4,45%	51.455,2	10,14%	68.513,5	13,50%	30.593,8	6,03%	251.186,1	49,50%	507.459,0	100,00%
2005	22.786,9	4,36%	57.162,7	10,95%	27.261,0	5,22%	44.251,2	8,47%	74.148,3	14,20%	27.788,2	5,32%	268.857,6	51,48%	522.255,9	100,00%
2006	26.912,4	4,44%	72.151,3	11,91%	28.504,6	4,71%	54.109,9	8,93%	77.218,3	12,75%	42.763,0	7,06%	303.941,4	50,19%	605.600,9	100,00%
2007	11.356,6	10,15%	33.896,3	30,30%	12.011,6	10,74%	11.643,2	10,41%	25.266,8	22,58%	-118,8	-0,11%	17.826,8	15,93%	111.882,4	100,00%
2008	37.116,04	8,76%	60.819,18	14,35%	25.663,46	6,05%	50.610,72	11,94%	61.905,52	14,61%	39.761,44	9,38%	147.984,21	34,91%	37.116,04	100,00%



PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC

2.1. MARCO COMUNITARIO DO RÉXIME

2.1.1. A REFORMA DA PAC DE 2003. O “EXAME DE SAÚDE” DE 2008

Dende o ano 1993 a Política Agraria Común (PAC) veu compensando as baixadas dos prezos de intervención dos produtos agrarios mediante axudas directas ás explotacións, estando estas axudas ligadas ás producións correspondentes.

Coa “Axenda 2000”, aprobada en 1999 e que definía, en principio, o contido da PAC para o período 2000-2006, modificáronse algúns aspectos desta política, proseguindo co proceso de reducir os prezos garantidos en diversos sectores ou producións agrarias, e compensar iso cun incremento das axudas directas aos produtores.

Nese contexto, a reforma aprobada en xuño de 2003 supuxo o cambio máis importante desde a creación da PAC, debido sobre todo á desvinculación da maioría das axudas directas respecto á produción. Dese modo, a partir desta reforma a maior parte das subvencións integráronse nun pagamento único por explotación, baseado nas axudas percibidas polo agricultor nos anos 2000, 2001 e 2002, e que, para a súa percepción, non se esixe, en xeral, unha produción determinada senón unicamente o cumprimento de requisitos legais de xestión (medio ambiente, saúde pública, zoonosidade e fitosanidade e benestar animal) e o respecto ás boas condicións agrarias e medioambientais, isto é, a denominada “condicionalidade”.

A reforma de 2003 garante as axudas directas ás explotacións até o ano 2013, facendo delas un compoñente importante da súa renda. Se ben a contía das axudas estará sometida a mecanismos de disciplina financeira, e ademais unha porcentaxe destas (3% en 2005, 4% en 2006 e 5% a partir de 2007) detráese, para as axudas percibidas por encima de 5.000 euros, co fin de destinar estes fondos a medidas de desenvolvemento rural en concepto de modulación.

De acordo cos documentos oficiais da Comisión Europea, con esta reforma tratouse de responder ás esixencias dos consumidores e contribuíntes, que valoran especialmente a calidade e seguridade alimentarias, de promover unha agricultura sostible máis orientada ao mercado e de adaptarse aos condicionantes da Organización Mundial do Comercio (OMC). Aínda que os cambios adoptados, particularmente o relativo á desvinculación das axudas directas, non están exentos de problemas e de posibles efectos negativos.

Esta reforma foi a primeira etapa do proceso de adaptación da PAC ao século XXI, pero non foi posible acadar un consenso sobre todos os elementos da dita reforma e no acordo final prevíronse cláusulas de revisión que abren o camiño a adaptacións posteriores en función da evolución do mercado e doutros elementos.

De acordo co anterior, en novembro de 2007 a Comisión Europea elaborou unha comunicación ao Parlamento Europeo e ao Consello co título “Preparar o exame de saúde da PAC”, e en novembro de 2008 os ministros de Agricultura da Unión Europea chegaron a un acordo político sobre a revisión da Política Agrícola Común.

O obxectivo desta revisión de 2008 é modernizar, simplificar e racionalizar a PAC e eliminar as restricións impostas aos agricultores, axudandoos así a reaccionar mellor ante as tendencias do mercado e a facer fronte ás novas dificultades. Entre outras medidas, o acordo suprime a retirada de terras adicadas a cultivos herbáceos, aumenta as cotas lácteas ata a súa abolición gradual en 2015 e convirte a intervención no mercado nunha verdadeira rede de seguridade. O acordo supón tamén un aumento da modulación, de maneira que se reducirán os pagamentos directos aos agricultores e o diñeiro transferirase ao Fondo de Desenvolvemento Rural (FEADER) .

Todo isto pretende facilitar unha mellor resposta ante os novos desafíos e oportunidades a que se enfrenta a agricultura europea, incluído o cambio climático, a necesidade de xestionar mellor a auga, a conservación da biodiversidade e a produción de enerxía ecolóxica. Os Estados Membros tamén poderán axudar aos gandeiros produtores de leite de rexións con problemas a axustarse á nova situación do mercado.

Ao longo do ano 2009 estes acordos materializaranse en Regulamentos do Consello e da Comisión e normativa estatal e autonómica para a plicación dos mesmos a partir de 2009.

2.1.2. O MODELO ESPAÑOL DE APLICACIÓN DA REFORMA

Na reforma da PAC de 2003 optouse finalmente por permitir aos Estados Membros que determinadas axudas permanecesen “ligadas”, total ou parcialmente, á produción de que se trate (aplicación parcial do pagamento único), e tamén permitir que unha porcentaxe da axuda de determinados sectores se dedique á mellora da calidade das producións e a conservación e mellora do medio ambiente (artigo 69 do Regulamento 1782/2003). Non obstante, o réxime de pagamento único (RPU) desligado da produción integra agora a maior parte das axudas existentes até entón.

Facendo uso das posibilidades ofrecidas pola normativa comunitaria, no Estado optouse por manter parte das axudas ligadas á produción e tamén por reter unha porcentaxe das axudas do sector da carne de vacún e do sector lácteo para dedicar a melloras da calidade e do medio ambiente (ver o cadro 2.1). Por outra banda, dentro das opcións existentes para a súa implantación temporal, decidiuse aplicar o réxime de pagamento único a partir do ano 2006.

Ao longo do ano 2008 integráronse axudas sen repercusión no sector agrario galego, como as do sector das froitas e hortalizas e do sector vitícola no Rexime de Pagamento Único.

Cadro 2.1
Porcentaxe de axuda integrada no réxime de pagamento único, segundo sectores, en Galicia

Sectores		Tipo de liñas de axuda	Aplicación parcial (%)	% retención (Art. 69)	%RPU
Superficies		Cultivos COPL	75%	-	75%
		Retirada obligatoria	100%	-	100%
		Leguminosas de consumo humano	100%	-	100%
		Leguminosas de consumo animal	100%	-	100%
		Forraxes desecadas	100%	-	100%
Gandaría	Vacún de carne	Prima especial vacún macho	100%	7%	93%
		Sacrificio de adultos	60%	-	60%
		Pagamento por extensificación	100%	7%	93%
		Pagamentos adicionais	100%	7%	93%
	Ovino - Cabrún	Prima base	50%	-	50%
		Prima complementaria	50%	-	50%
		Pagamentos adicionais	100%	-	100%
Lácteo		Prima láctea e pagamentos adicionais	100%	10%	90%

2.1.3. CARACTERÍSTICAS E ELEMENTOS BÁSICOS DO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN

Cada ano, para a percepción do pagamento único, o solicitante debe demostrar que é agricultor, que dispón de dereitos de axuda do pagamento único (de asignación inicial, da reserva nacional ou procedentes de cesións), que ten a superficie ou cabezas de gando necesarias e que cumpre os requisitos de admisibilidade e condicionalidade.

2.1.3.1. A asignación inicial de dereitos do Réxime de Pagamento Único

Na asignación inicial de dereitos de pagamento único tivéronse en conta os seguintes aspectos:

a) O período de referencia é o período de tempo que se tomou de base para o cálculo de importes e superficies de referencia de cada produtor (como norma xeral os anos 2000, 2001 e 2002).

b) O importe de referencia é a media dos importes totais dos pagos que cada ano do período de referencia se concederon ao produtor nas liñas de axuda que se integran no pagamento único. O cálculo non se baseou nas axudas realmente cobradas senón nas superficies e animais determinados, é dicir, nas superficies e animais que cumpren todas as condicións para a percepción das axudas en cada ano.

A esas unidades aplicóuselless o importe unitario das axudas e primas correspondentes ao ano 2002.

c) A superficie de referencia é a superficie (en hectáreas) que recibiu axudas directamente (cereais, ...) e a superficie forraxeira da explotación utilizada para a alimentación de gando obxecto das primas gandeiras no período de referencia.

d) Dereitos de axuda

A cada produtor recoñecéuselle un dereito de axuda por hectárea, que se calculou dividindo o importe de referencia pola superficie de referencia. Polo tanto, o número de dereitos de axuda é igual ao número medio de hectáreas indicado antes, e a contía deses dereitos é o resultado do cociente "importe de referencia/ superficie de referencia". Unha vez asignados os dereitos, un dereito de axuda máis unha hectárea de terreo que cumpra as condicións de admisibilidade permite cobrar o importe determinado en euros/ha.

Como matización ao anterior, existen dereitos de axuda que teñen condicións especiais:

- Cando o produtor non tivera hectáreas no período de referencia (por exemplo, beneficiarios de prima por sacrificio de vacún sen superficie forraxeira), recoñecéuselle un dereito de axuda igual ao importe de referencia.
- Se, aínda tendo o agricultor superficie no período de referencia, o importe da axuda por hectárea era superior a 5.000 euros, recoñecéuselle un dereito de axuda por cada 5.000 euros ou fracción.

Nos dous casos anteriores (dereitos especiais) o produtor non terá a obriga de manter un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos, a condición de que manteña ao menos o 50% da actividade exercida no período de referencia, medida en Unidades de Gando Maior (UGM).

Tamén se estableceron dereitos específicos para o caso de retirada obrigatoria de terras da produción.

Na asignación inicial provisional de dereitos, feita en febreiro de 2006, dos importes de referencia descontouse un 3% para dotar a reserva nacional de dereitos de pagamento único, e posteriormente, en decembro de 2006, ese desconto limitouse ao 0,8%.

2.1.3.2. A Reserva Nacional de dereitos do Réxime de Pagamento Único

Constituíuse en 2006 co desconto inicial dos importes de referencia dos agricultores (3% inicialmente, reducido despois ao 0,8%), ao que se engadiron os seguintes importes:

- Os de agricultores que tendo asignados dereitos provisionais non solicitaron a admisión en 2006.
- Os dereitos non utilizados.

- Os importes retidos por aplicación de peaxes en vendas ou cesións de dereitos.
- Os importes obtidos como consecuencia da aplicación ao vendedor ou cedente da cláusula de beneficio inesperado, no caso de venda de unidades de produción no período de referencia ou antes do 15 de maio de 2004.

No ano 2006 á reserva nacional accederon os seguintes agricultores.

- Os que se atoparan, entre outras, nas seguintes situacións especiais:
 - . Produtores lácteos que cederan cota por causas de forza maior.
 - . Agricultores que recibiran terras por herdanza dun agricultor falecido que as tivera arrendadas no período de referencia.
 - . Agricultores que fixeran investimentos até o 15 de maio de 2004.
 - . Agricultores lexitimados para recibir dereitos por sentencias xudiciais ou actos administrativos firmes.
- Os novos agricultores que iniciaran a actividade antes do 15 de maio de 2004.
- Os agricultores mozos con primeira instalación a partir de 16 de maio de 2004.
- Os agricultores con explotacións situadas nas zonas suxeitas a programas de reestruturación ou desenvolvemento.

En setembro de 2007, o FEGA comunicou que coa información relativa á Reserva Nacional de dereitos de pagamento único na campaña 2007 atendendo unicamente os casos prioritarios de agricultores mozos se producía un rebasamento do teito nacional. De acordo co previsto no artigo 42.7 do Regulamento 1782/2003, procedeuse a realizar unha redución lineal do 1,5 % de todos os dereitos de Pagamento Único para poder establecer os dereitos da Reserva Nacional da Campaña 2007 sen sobrepassar o límite orzamentario de todo o Estado.

2.1.3.3. Utilización dos dereitos de axuda

Todo dereito de axuda do que non se fixese uso durante un período de tres anos incorporarase á reserva nacional, agás causas de forza maior ou circunstancias excepcionais. Os dereitos da reserva nacional non poderán cederse durante un período de cinco anos contado a partir da súa asignación, e volverán de inmediato á reserva nacional se non se utilizan durante cada ano do período quinquenal.

2.1.3.4. A cesión de dereitos de axuda

Unha vez establecidos definitivamente, os dereitos de axuda poderán cederse polos agricultores a outros agricultores, por venda, arrendamento ou mediante calquera outra forma admitida en dereito, de acordo co establecido na normativa comunitaria, estatal e autonómica.

2.1.4. MODULACIÓN

Todos os importes dos pagamentos directos a explotacións no marco da Política Agraria Común (pagamento único e outras axudas directas), que deban concederse nun ano natural determinado a un agricultor, redúcense nunha porcentaxe (3% para o ano 2005, 4% para 2006 e 5% para os anos 2007 e seguintes) de acordo co establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello. Os fondos obtidos desta maneira destinaranse a financiar medidas de desenvolvemento rural.

Non obstante, ao final de cada exercicio os agricultores con pagamentos directos percibirán un importe adicional de axuda, que será igual ao que resulte de aplicar a porcentaxe de redución antes sinalada ao conxunto de pagamentos até os primeiros 5.000 euros, coa condición de que a suma total deses importes adicionais de axuda non poderá superar o límite máximo establecido para cada Estado Membro no anexo II do citado regulamento. Deste modo, a expensas do cumprimento deste último límite, a “modulación neta” para cada agricultor consiste nunha redución da contía citada (5% a partir de 2007) para as axudas que percibe por encima de 5.000 euros.

2.1.5. CONDICIONALIDADE

A sociedade actual é cada vez máis sensible aos temas de seguridade alimentaria e respecto ao medio ambiente. Por esta razón, a percepción polos agricultores das axudas directas da PAC financiadas polo FEAGA desde o ano 2005 está condicionada, por unha banda, ao cumprimento dos denominados requisitos legais de xestión e, pola outra, ás boas condicións agrarias e medioambientais, que, en conxunto, se agrupan no concepto de condicionalidade.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e do Regulamento (CE) nº 1975/2006, os perceptores de certas axudas financiadas polo FEADER tamén pasan a ter a obriga de cumprir coa condicionalidade no ano 2007.

a) Requisitos legais de xestión

Están recollidos en directivas e regulamentos comunitarios e a esixencia do seu cumprimento foi progresiva a partir do ano 2005 (ver cadro 2,2), resumíndose agora no Anexo 21 da Orde da Consellería do Medio Rural do 31 de xaneiro de 2008 pola que se regula a plicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contato de explotación sustentable no ano 2008.

b) Boas condicións agrarias e medioambientais

Son normas que deben cumprirse para evitar a erosión do solo, manter a materia orgánica deste e a súa estrutura, e garantir un nivel mínimo de mantemento das superficies evitando o deterioro dos hábitats, segundo se indica no anexo 22 da Orde da Consellería do Medio Rural do 31 de xaneiro de 2008, citada no apartado a).

Cadro 2.2
Requisitos legais de xestión:
ámbitos e datas de aplicación

Medio ambiente	Saúde pública, zoonidade e fitosanidade	Benestar animal
Dende 01-01-2005:	Dende 01-01-2005:	Dende 01-01-2007:
- Protección de aves - Protección de hábitats - Protección de augas subterráneas (substancias perigosas) - Protección de solos (lodos de depuradora) - Protección de augas (nitratos de agricultura)	- Identificación e rexistro de animais Dende 01-01-2006: - Comercialización de fitosanitarios - Substancias hormonais e tiroestáticas - Seguridade alimentaria - Encefalopatía esponxiforme bovina - Notificación de enfermidades de animais	- Protección de xatos - Protección de porcino - Protección de animais en explotacións gandeiras

2.2. NORMAS APLICABLES E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO EN 2008

As actuacións en relación co réxime de pagamento único leváronse a cabo no marco da Orde da Consellería do Medio Rural do 31 de xaneiro de 2008 pola que se regula a plicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contato de explotación sustentable no ano 2008, e da normativa básica comunitaria e do Estado que se indica a continuación:

- Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da PAC.
- Regulamento (CE) nº 795/2004, da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime do pagamento único previsto no Regulamento (CE) nº 1782/2003.
- Regulamento (CE) nº 796/2004, da Comisión, do 21 de abril do 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello.
- Real Decreto 1470/2007, de 2 de novembro, sobre pagamentos directos á agricultura e á gandería.

2.2.1. ASIGNACIÓN DE DEREITOS DA RESERVA NACIONAL

No ano 2008 podían solicitar dereitos do réxime de pagamento único da reserva nacional, de acordo co establecido no artigos 24 da dita orde da Consellería:

a) Os agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes por sentenzas xudiciais firmes ou actos administrativos firmes.

b) Agricultores mozos que realizasen a primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural establecido con base ao Regulamento 1698/2005 do Consello, incorporándose nalgún dos sectores do anexo VI do Regulamento 1782/2003 e que non reciba dereitos de pagamento único da reserva nacional.

c) Os agricultores mozos que, tendo solicitado dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional na asignación inmediatamente anterior, presentasen con posterioridade á dita solicitude solicitudes de axuda relativas á prima por sacrificio de gando vacún.

d) Os agricultores cuxas explotacións se encontren situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública tal como transformación en regadío, concentracións parcelarias e beneficiarios de dereitos da reserva nacional de cota láctea e de ovino-cabrún, co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores nesas zona, e que non recibisen xa dereitos de pagamento único da reserva nacional.

2.2.2. CESIÓN DE DEREITOS DE AXUDA

Os dereitos de axuda do réxime de pagamento único poden cederse a outro agricultor establecido en Galicia ou en calquera Comunidade Autónoma do Estado, ben por venda, arrendamento ou calquera outra forma establecida en dereito.

a) Ventas ou cesións definitivas de dereitos

Unicamente se poden realizar cesión definitivas de dereitos unha vez que estes se establecen definitivamente, polo que a campaña 2008 foi a segunda na que se fixeron cesións no Estado.

No caso de cesións definitivas ou vendas de dereitos, no ano 2008 aplicáronse as seguintes retencións para a reserva nacional:

- Venda sen terras..... 30%
- Venda sen terras a un agricultor profesional..... 10%
- Venda con terras ou con toda a explotación 3%

Non se aplicarán retencións nos seguintes casos:

- ▶ Venda de dereitos, con ou sen terras, a un agricultor que inicia a actividade agraria.

- ▶ Cambios de titularidade con motivo de herdanzas, xubilacións e programas aprobados de cesamento anticipado en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, cambios de personalidade xurídica, agrupacións de varias persoas físicas ou xurídicas noutra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica, e escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas xurídicas.

No caso de que se cedan dereitos de axuda de retirada, o cesionario adquire a obriga de retirar as terras da produción.

A cesión de dereitos de axuda supeditados a condicións especiais manterán a dita condición sempre que se cedan todos os que ten o agricultor cedente.

Os dereitos da reserva nacional non poden cederse, excepto nos casos de herdanza, fusión ou escisión de explotacións, durante un período de cinco anos contados a partir da asignación, e volverán de inmediato á reserva nacional se non se utilizan durante cada ano do período quinquenal.

b) Contratos de arrendamento

Nos contratos de arrendamento de terras considérase arrendamento dos dereitos de axuda con terras calquera cláusula dun contrato de arrendamento que prevexa a cesión dun número de dereitos que non supere o número de hectáreas arrendadas. Os dereitos de axuda e as hectáreas arrendaranse polo mesmo período de tempo.

2.2.3. UTILIZACIÓN DE DEREITOS DE AXUDA

Cada dereito de axuda do pagamento único pode xustificarse cunha hectárea de terreo admisible. Para os efectos de utilización dos dereitos de axuda, considérase que se utilizaron en primeiro lugar os dereitos de retirada de terras e a continuación os dereitos de axuda normais de maior importe. Os dereitos de axuda da reserva nacional utilizaranse en último lugar.

Todo dereito de axuda do que non se fixese uso durante un período de tres anos incorporárase á reserva nacional, agás casos de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Os dereitos procedentes da reserva nacional volverán de inmediato á reserva nacional se non se utilizan cada ano nos primeiros cinco anos despois da súa asignación.

2.2.4. BENEFICIARIOS E REQUISITOS NO RÉXIME DO PAGAMENTO ÚNICO

Poden percibir o pagamento único desligado da produción os “titulares de explotación” que “dispoñan de dereitos” concedidos en virtude do Real Decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos dentro do RPU, e que ademais “xustificuen” a súa utilización.

a) Titular da explotación: agricultor que ten asignado un Código de Explotación Agraria (CEA), figurando como responsable da xestión dos bens e medios de produción desta.

b) Dispoñer de DEREITOS do RPU. Os dereitos dispoñibles para un agricultor na campaña 2008 poden ser (cadro 2.3):

1. Os que teña asignados definitivamente, que poden ser normais, de retirada, especiais e de asignación inicial ou de reserva nacional, segundo se indica no cadro seguinte.

Orixe inicial	Orixe reserva
Dereitos normais	Dereitos normais
Dereitos de retirada	Dereitos especiais
Dereitos especiais	

Cadro 2.3
Orixe e tipo de dereitos

2. Os tomados por cesión na campaña 2008.

3. Os asignados da Reserva Nacional en 2008.

c) “Xustificar” os dereitos. Cada dereito de axuda polo que se solicite o pagamento único (agás os dereitos especiais, segundo se comenta no punto h) deberá xustificarse cunha hectárea admisible. As parcelas concretas que na campaña serán consideradas para xustificar dereitos do RPU serán aquelas declaradas con produtos compatibles con ese réxime.

d) Acreditación da utilización das terras. Para xustificar unha hectárea admisible non é preciso ser propietario das terras, senón utilízalas e poder acreditar o dereito a facelo. A acreditación normal desta circunstancia nunha parcela, cando a reclame a Administración, consistirá en:

1. A presentación de documentación onde, para a parcela de que se trate, se indique a súa titularidade (en Catastro ou en concentración parcelaria, segundo tivera sido a orixe da parcela no SIXPAC), documentación que debe ser compatible co SIXPAC. No caso de que a orixe fora o Catastro, a documentación será unha fotocopia cotexada dun padrón

catastral, unha cédula ou un certificado catastral, que non sexan anteriores á data da última renovación catastral previa á elaboración do SIXPAC.

2. Cando o solicitante non sexa o propio titular da parcela en Catastro (ou, se é o caso, en concentración parcelaria), engadirase á documentación anterior calquera documento no que o titular autorice ao solicitante o uso da superficie pola que pide axuda.

e) Superficie mínima: a superficie mínima para poder percibir o pagamento único é de 0,1 hectáreas admisibles.

f) Hectáreas admisibles para xustificar os dereitos:

1. Considéranse hectáreas admisibles para xustificar dereitos normais as superficies agrarias da explotación consistentes en terras de cultivo e pastos permanentes.

2. Considéranse hectáreas admisibles para xustificar dereitos de retirada as terras de cultivo, agás as superficies que en xaneiro de 2003 estiveran ocupadas por cultivos permanentes ou bosques, ou utilizadas para actividades non agrarias ou para pastos permanentes. Isto implica que os recintos SIXPAC declarados para retirada deben ser “elixibles”.

3. As parcelas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar os dereitos de axuda deberán estar ao dispor do agricultor o 31 de maio do ano en que se solicita a axuda.

g) Utilización agraria das terras nas hectáreas admisibles:

1. Os agricultores poderán dedicar as parcelas declaradas para xustificar dereitos normais a calquera actividade agraria, con excepción de patacas distintas das destinadas á fabricación de fécula e cultivos permanentes.

2. As parcelas declaradas para xustificar os dereitos de retirada deben permanecer sen cultivar polo menos desde o 15 de xaneiro até o 31 de agosto, e non serán de tamaño inferior a 0,1 hectáreas nin terán menos de 10 metros de ancho.

h) Condicións dos dereitos especiais:

1. Os agricultores que soliciten pagamento único por dereitos especiais quedan exentos da obriga de declarar un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda, a condición de que manteñan, na campaña de que se trate, polo menos o 50% da actividade exercida no período de referencia, expresada en unidades de gando maior (UGM). Para a determinación da actividade na campaña actual teranse en conta as equivalencias indicadas no cadro 2.4. No caso de cesión de dereitos especiais, esta excepción só se manterá no suposto de que se cedan todos eses dereitos.

Tipo de animal	UGM
Bovinos machos e xovencas de máis de 24 meses, vacas nutrices e vacas leiteiras	1,00
Bovinos machos e xovencas de 6 a 24 meses de idade	0,60
Bovinos machos e xovencas até 6 meses de idade	0,20
Ovinos e cabrúns	0,15

2. Cando se desexe xustificar algún dereito especial mediante superficie, será preciso indicar este feito na solicitude de axuda. Neste caso os dereitos pasarán a ser, automaticamente, dereitos normais.

3. Non se poderá solicitar o restablecemento das condicións especiais para os dereitos transformados de acordo co punto anterior ou cando os dereitos especiais se cederan parcialmente.

i) Condicionalidade. Deberán respectarse todas as obrigas derivadas da “condicionalidade” das axudas (os requisitos legais e as boas condicións agrarias e agroambientais). Estas obrigas afectan a toda a actividade da explotación e a todas as súas parcelas, xustifiquen dereitos ou non.

En particular, respectaranse as seguintes condicións:

> Conservación da cantidade de pastos permanentes: o agricultor titular de superficies adicadas a pastos permanentes aterase ás esixencias previstas na normativa comunitaria, así como ás que estableza a Consellería do Medio Rural, ao obxecto de previr que a superficie total de pastos permanentes sufra unha redución significativa con arranxo ao previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 e no artigo 3 do Regulamento (CE) nº 796/2004, onde se recollen as marxes de redución anual admisibles respecto á proporción de referencia para 2003.

> Mantemento mínimo das terras: de acordo co anexo 22 da Orde da Consellería do Medio Rural do 31 de xaneiro de 2008, teranse en conta:

1. Nos pastos permanentes as cargas gandeiras mínimas, se é o caso, e a prohibición de queimar e roturar estes pastos agás para labores de rexeneración da vexetación.

2. Nas terras de cultivo a necesaria prevención da proliferación das especies invasoras que se indican no dito anexo.

2.2.5. IMPORTE DAS AXUDAS

O importe máximo por hectárea do pagamento único é variable, pois depende do valor concreto de cada dereito.

Unha vez realizados os controis das axudas, en cada expediente resulta unha "superficie determinada", que é a superficie que cumpre todas as condicións establecidas nas normas para a concesión da axuda. Na axuda do RPU a superficie declarada só poderá considerarse determinada se vai acompañada polo correspondente número de dereitos de axuda.

No caso de dereitos especiais xustificadas con gando (UGM) non se trata de importes por hectárea, senón do importe total que se percibirá se a explotación mantén como mínimo o 50% das UGM do período de referencia.

2.3. RESULTADOS DA XESTIÓN

2.3.1. XESTIÓN DE DEREITOS DO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO

No ano 2008 o proceso de xestión de dereitos do pagamento único en Galicia deu lugar ás seguintes actuacións:

- Comunicación dende o Fogga ao FEGA dos dereitos utilizados en 2007.
- Xestión das solicitudes de axuda ao réxime de pagamento único na campaña 2008, xunto coas da reserva para esa campaña e as cesións de dereitos para a mesma.
- Comunicación ao FEGA das solicitudes e movementos aceptados.
- Asignación polo FEGA dos dereitos do pagamento único da Reserva Nacional, en base ás solicitudes.
- Constitución no FEGA da base de datos de dereitos do pago único consolidados 2008 para o control e pago dos dereitos a partir do 1 de decembro de 2008.

Reserva nacional

As solicitudes de dereitos procedentes da reserva nacional para a campaña 2008 presentáronse no período do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2008. No cadro 2.5 indícanse as claves dos tipos de acceso dos solicitantes de dereitos da reserva nacional.

Tipo de acceso	Condicións
320B	Agricultor mozo que realizase a súa primeira instalación de acordo co R (CE)nº 1698/2005, do Consello, do 30 de setembro, nalgún dos sectores do anexo VI do R(CE)nº 1782/2003
330C	Agricultores beneficiarios de cota láctea da reserva nacional e do Fondo de cotas da campaña 2006/2007
330D	Agricultores beneficiarios de dereitos de prima de ovino-cabrún da reserva nacional da campaña 2007, con efectos 2008
350B	Agricultor mozo que solicitase Dereitos de Pagamento Único da reserva nacional de pagamento único da campaña inmediatamente anterior, presentase con posterioridade á dita solicitude, solicitudes de prima por sacrificio e prima adicional de vacún de calidade

Cadro 2.5
Tipos de acceso na solicitude á reserva nacional de Dereitos de Pagamento Único. Campaña 2008

Segundo se resume no cadro 2.6, presentáronse un total de 2.512 solicitudes de dereitos da reserva nacional de pagamento único das que 1.928 (76,8 %) corresponderon a beneficiarios de cota da reserva nacional de cota láctea e 354 (14,1 %) eran beneficiarios de dereitos de prima da reserva nacional de ovino-cabrún. Destes solicitantes a maior parte (un 46,5 %) corresponde á provincia de Lugo. Destas solicitudes aceptáronse 2.224, un 88,5 %.

Tipo de acceso	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.
320B	35	1	68	18	27	7	7	3	137	29
330C	694	673	942	904	12	12	280	272	1.928	1.861
330D	37	33	135	122	149	136	33	29	354	320
350B	31	6	49	7	9	6	4	0	93	19
Totais	797	713	1.194	1.051	197	161	324	304	2.512	2.224

Cadro 2.6
Resumo de solicitudes da reserva nacional de Dereitos de Pagamento Único por provincias e tipo de acceso. Campaña 2008

Sol.= Solicitadas Acep.= Aceptadas

Tipo de solicitude	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	€	Nº	€	Nº	€	Nº	€	Nº	€
320B	1	457,76	18	28.907,75	7	7.056,40	3	6.124,52	29	42.546,43
330C	673	920.636,32	904	1.124.641,83	12	14.583,52	272	312.406,03	1.861	2.372.267,70
330D	33	9.597,90	122	37.982,70	136	59.246,70	29	13.678,30	320	120.505,60
350B	6	3.491,28	7	13.921,22	6	18.266,88	0	0	19	35.679,38
Totais	713	934.183,26	1.051	1.205.453,50	161	99.153,50	304	332.208,85	2.224	2.570.999,11

Cadro 2.7
Número de beneficiarios e importes da asignación de Dereitos de Pagamento Único da reserva nacional por provincia e tipo de acceso. Campaña 2008

No relativo aos importes, asignáronse dereitos por un valor total de 2.570.999,11 euros , dos que o 92,2 % correspondeu a agricultores con asignación de cota láctea da reserva nacional.

No cadro seguinte indícase a distribución, por Comunidade Autónoma dos beneficiarios e importes dos dereitos asignados da reserva nacional de pagamento único, correspondéndolle a Galicia o 19,24 % dos importe asignados en España, segundo información elaborada polo FEGA.

Cadro 2.8
Asignación de Dereitos de
Pagamento Único procedentes
da reserva nacional por
Comunidade Autónoma. Campaña
2008

CCAA Solicitud	Beneficiarios		Importes (€)	
	Nº	%	Nº	%
Andalucía	433	6,25	699.327,53	5,23
Aragón	343	4,95	1.239.257,14	9,28
Asturias	719	10,35	1.000.778,09	7,50
Baleares	102	1,47	104.877,09	0,80
Cantabria	469	6,77	738.087,44	5,50
Castilla La Mancha	218	3,15	665.431,13	5,00
Castilla y León	961	13,87	3.879.946,48	29,04
Cataluña	129	1,86	367.776,36	2,75
Extremadura	514	7,42	1.094.841,22	8,17
Galicia	2.224	32,10	2.570.999,11	19,24
Madrid	70	1,00	119.486,86	0,90
R. de Murcia	159	2,30	275.072,25	2,06
C.F. Navarra	353	5,10	397.571,53	2,98
Pais Vasco	184	2,65	130.535,28	0,98
La Rioja	27	0,40	35.668,16	0,27
C. Valenciana	25	0,36	40.547,42	0,30
Total	6.930	100	13.360.203,09	100

Cesións de dereitos

As comunicacións de cesións de dereitos realizadas entre o 1 de novembro e dúas semanas antes da finalización da presentación da solicitude de axuda do pagamento único, agás no caso de cambios de titularidade da explotación por herdanza, xubilación, programas aprobados de cesamento anticipado da actividade agraria, fusións ou excisións de explotacións nos que o prazo remata o último día de presentación da solicitude de pagamento único.

No cadro 2.9 indícase o número de solicitudes de cesión de dereitos agrupadas por tipo de cesión e para cada provincia, Galicia e o total do Estado, segundo información do FEGA

En Galicia presentáronse un total de 1.365 solicitudes de cesión de dereitos, o que supón o 4, 0% das presentadas no Estado.

Dentro da Comunidade Autónoma o maior número de solicitudes de cesión corresponde á provincia de A Coruña, con 535, o que representa o 39.2 % das presentadas en Galicia.

Tipo de Cesión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia		España		G/E
					Nº	%	Nº	%	%
V1 Compravenda sen terras	23	12	28	4	67	4,90	2.693	7,90	2,50
V2 Compravenda sen terras a un agricultor profesional	42	42	32	11	127	9,30	3.405	10,00	3,70
V3 Compravenda con terra, compra parcial explotación	0	0	0	0	0	0,00	5.136	15,00	0,00
V4 Compravenda de todos os dereitos especiais, compra parcial explotación	5	4	7	0	16	1,20	282	0,80	5,70
V5 Compravenda por devolución arrendamento	0	0	0	0	0	0,00	2.364	6,90	0,00
V6 Compravenda con terra, compra total explotación	0	0	0	8	8	0,60	889	2,60	0,90
V7 Compravenda a un agricultor que inicia a súa actividade agraria	15	47	9	21	92	6,70	456	1,30	20,20
AR Arrendamento con terras	13	15	9	1	38	2,80	6.990	20,50	0,50
HE Herdanza	42	38	10	10	100	7,30	6.391	18,70	1,60
CD Cambio de personalidade xurídica	219	224	37	75	555	40,60	2.350	6,90	23,60
FU Fusiões en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica	19	30	16	0	65	4,80	907	2,70	7,20
ES Escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas xurídicas	4	3	1	0	8	0,60	696	2,00	1,10
RV Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional	6	6	3	0	15	1,10	71	0,20	21,10
HA Xubilacións ou programas de cese anticipado cesionario familiar de primeiro grao cedente	143	71	17	36	267	19,60	1.168	3,40	22,90
AA Finalización anticipada de arrendamento con terras	4	0	0	0	4	0,30	358	1,00	1,10
SJ Sentenzas xudiciais	0	2	0	1	3	0,20	15	0,10	20,00
TOTAIS	535	494	169	167	1.365	100,00	34.171	100,00	4,00
% por provincia	39,20	36,20	12,40	12,20	100,00				

Cadro 2.9
Número de solicitudes de cesión de dereitos do RPU por tipo de cesión en Galicia e España. Campaña 2007

No relativo ao tipo de cesión, existen diferenzas importantes entre Galicia e a totalidade do Estado. Neste último predominan as cesións de dereitos por arrendamentos de terras (20.5 % do total), mentres que en Galicia este tipo de cesións chega ao 2.8 % das cesións realizadas. Tamén teñen relevancia no Estado as herdanzas e as compravendas de dereitos con terras, que supoñen unha compra parcial da explotación, 18,7 % e 15,0 %, respectivamente. En Galicia, non obstante, teñen importancia as cesións ligadas aos cambios na titularidade das explotacións por xubilacións ou cesamento anticipado (19.6 %), cambio da personalidade xurídica ou titularidade entre cónxuxes (40.5 %) ou por compravenda a un agricultor que inicia a actividade agraria.

As limitacións existentes na transferencia de dereitos da Reserva Nacional, mesmo de pais a fillos agás no caso de herdanzas, dá lugar a unha cesión relativamente importante de dereitos á reserva nacional ligados a outro tipo de cesións.

No cadro 2.10 resúmense os importes dos dereitos cedidos segundo o tipo de cesión, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, segundo información do FEGA.

O importe dos dereitos cedidos en Galicia, 4.536.427,49 euros, é o 4,4 % do importe cedido no Estado. A importancia do sector lácteo no conxunto de sectores que se integraron no réxime de pagamento único en Galicia e as sentencias xudiciais en relación coa cota láctea da lugar a que este tipo de cesión teña unha alta relevancia relativa (20 % do total de todo o Estado) nos importes cedidos por este tipo de cesión.

A compravenda de dereitos con terra, compra parcial da explotación, en Galicia non te ningunha repercusión, cando no Estado supón o 5,5 % dos importes dos dereitos cedidos.

Cadro 2.10
Cesións de importes de dereitos do RPU por tipo de cesión en Galicia e España. Campaña 2008

Tipo de Cesión	Galicia		España		G/E
	Importes (€)	%	Importes (€)	%	%
V1 Compravenda sen terras	53.016,67	1,20	2.828.174,13	2,80	1,90
V2 Compravenda sen terras a un agricultor profesional	184.755,76	4,10	6.058.976,94	5,90	3,00
V3 Compravenda con terra, compra parcial explotación	0	0,00	5.660.682,76	5,50	0,00
V4 Compravenda de todos os dereitos especiais, compra parcial explotación	10.692,01	0,20	661.308,98	0,60	1,60
V5 Compravenda por devolución arrendamento	0	0,00	4.122.507,99	4,00	0,00
V6 Compravenda con terra, compra total explotación	9.024,05	0,20	2.418.676,85	2,40	0,40
V7 Compravenda a un agricultor que inicia a súa actividade agraria	259.176,29	5,60	2.111.463,75	2,10	12,30
AR Arrendamento con terras	87.589,14	1,50	21.543.013,76	21,10	0,40
HE Herdanza	111.416,07	2,50	14.597.876,40	14,30	0,80
CD Cambio de personalidade xurídica	2.930.088,38	64,50	15.206.348,82	14,90	19,30
FU Fusiões en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica	423.781,96	9,30	7.680.234,16	7,50	5,50
ES Escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas xurídicas	36.398,82	0,80	9.503.361,94	9,30	0,40
RV Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional	14.397,89	0,30	50.683,80	0,10	28,40
HA Xubilacións ou programas de cese anticipado cesionario familiar de primeiro grao cedente	396.332,63	8,50	5.538.426,76	5,50	7,20
AA Finalización anticipada de arrendamento con terras	7.013,66	0,20	2.152.929,92	2,10	0,30
SJ Sentenzas xudiciais	12.744,16	0,30	76.403,46	0,10	16,70
PE Peaxe	34.987,83	0,80	1.849.083,65	1,80	2,00
TOTAIS	4.536.427,49	100,00	102.060.154,07	100,00	4,40

Dereitos consolidados para a Campaña 2008

De acordo cun informe elaborado polo FEGA, no cadro 2.11 resúmense os dereitos do réxime de pagamento único consolidados para a campaña 2008, para todas as Comunidades Autónomas.

CCAA	Nº beneficiario (a)	Nº dereitos (b)	Importes (€) (c)	Valor medio por dereito (c/b)	Importe medio por beneficiario (c/a)
Andalucía	273.987	3.392.235	1.283.474.776,67	378,36	4.684,44
Aragón	51.146	1.334.551	296.578.828,69	222,23	5.798,67
Asturias	12.799	228.215	37.414.189,38	163,94	2.923,21
Baleares	5.755	90.286	15.362.784,63	170,16	1.669,47
Cantabria	5.437	146.674	25.718.378,65	175,34	4.730,25
Castilla La Mancha	132.496	2.962.762	438.240.337,58	147,92	3.307,57
Castilla y León	95.949	3.858.433	651.917.698,87	168,96	6.794,42
Cataluña	57.800	746.681	200.162.603,47	268,07	3.463,02
Extremadura	75.391	1.902.267	314.262.547,44	165,20	4.168,44
Galicia	44.208	370.029	107.465.427,89	290,42	2.430,90
Madrid	7.830	213.891	28.593.704,89	133,68	3.651,81
Murcia	10.886	98.909	31.474.939,41	318,22	2.891,32
Navarra	18.415	328.604	70.017.130,61	213,07	3.802,18
Pais Vasco	11.560	134.048	32.455.751,17	242,12	2.807,59
La Rioja	7.130	121.678	19.504.223,52	160,29	2.735,52
C. Valenciana	54.310	190.542	45.013.343,59	236,24	828,82
Total	865.099	16.119.650	3.597.656.666,46	223,18	4.158,66

Cadro 2.11
Dereitos do RPU e importes consolidados 2008. Por Comunidade Autónoma de solicitude única

Galicia conta con 44.208 beneficiarios e 370.029 dereitos por un importe de 107.465.427,89 euros, o que supón, en relación ao total do Estado, un 5,10 % dos beneficiarios, 2,30% dos dereitos e 2,99 % dos importes.

No relativo aos valores medios de cada dereito e para cada beneficiario, Galicia ten 290.42 euros/dereito e 2.430.90€/beneficiario, que significan o 130.1 % e o 58.5 %, respectivamente, dos valores medios do Estado, segundo se indica no cadro 2.12.

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC

Cadro 2.12
Dereitos consolidados 2008.
Beneficiarios, dereitos e im-
portes en Galicia e en España

Tipo de Dereitos	Nº de beneficiarios			Nº de dereitos			Importes (€)			Valor medio UN dereito (€)			Valor medio UN beneficiario (€)		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Especiais	6.906	29.589	23,30	8.137	41.820	19,46	14.861.427,37	102.134.970,89	14,60	1.826,40	2.442,25	74,80	2.151,96	3.451,79	62,30
Normais	39.002	839.472	4,65	361.775	15.362.734	2,35	92.580.551,84	3.377.833.097,73	2,74	255,91	219,87	116,40	2.373,74	4.023,76	59,00
Retirada	34	84.186	0,04	117	715.131	0,02	23.448,68	117.688.597,84	0,02	200,42	164,57	121,80	689,67	1.397,96	49,30
Total	44.208	865.099	5,10	370.029	16.119.650	2,30	107.465.427,89	3.597.656.666,46	3,00	290,42	223,18	130,10	2.430,90	4.158,66	58,50

No cadro 2.13 resúmense os dereitos do réxime de pagamento único consolidados para 2008 en cada provincia, indicando o tipo de dereito, beneficiarios, dereitos, importes, así como os valores que proceden da reserva nacional e os que corresponden á asignación inicial.

Cadro 2.13
Dereitos do RPU consolidados
2008. Beneficiarios, dereitos
e importes por tipo e provincia

Provincia	Tipo de dereitos	Beneficiarios	Dereitos	Inicial(€)	RN(€)	TOTAL	Valor medio UN dereito(€)	Valor medio UN beneficiario(€)
A Coruña	Normais	14.823	93.470	33.374.749,59	1.703.793,08	35.078.542,67	375,27	2.366,49
	Especiais	1.807	1.949	2.698.582,50	46.015,33	2.744.597,83	1.401,74	1.518,87
	Retirada	8	22	4.562,89	-	4.562,89	207,40	570,36
	Total	16.254	95.441	36.077.894,98	1.749.808,41	37.827.703,39	396,29	2.327,29
Lugo	Normais	13.003	171.761	35.283.644,52	2.992.621,06	38.272.400,73	222,81	2.943,42
	Especiais	3.488	4.436	9.936.902,85	128.343,33	10.065.246,18	2.264,40	2.885,68
	Retirada	10	25	4.720,94	-	4.720,94	188,84	472,09
	Total	15.522	176.222	45.225.268,31	3.120.964,39	48.346.232,70	274,30	3.114,69
Ourense	Normais	6.002	62.066	9.090.537,49	891.577,39	9.982.114,88	160,83	1.663,13
	Especiais	453	472	271.503,31	75.884,97	347.388,28	735,99	766,86
	Retirada	15	68	13.838,38	-	13.838,38	203,51	922,56
	Total	6.387	62.606	9.375.879,18	967.462,36	10.343.341,54	165,21	1.619,44
Pontevedra	Normais	5.174	34.478	8.784.587,37	462.906,19	9.247.493,56	268,21	1.787,30
	Especiais	1.158	1.280	1.698.720,80	5.474,28	1.704.195,08	1.331,40	1.471,67
	Retirada	1	2	326,47	-	326,47	163,24	326,47
	Total	6.045	35.760	10.483.634,64	468.380,47	10.952.015,11	306,26	1.811,75
Galicia	Normais	39.002	361.775	86.533.518,97	6.050.897,72	92.580.551,84	255,90	2.373,78
	Especiais	6.906	8.137	14.605.709,46	255.717,91	14.861.427,37	1.822,37	2.151,96
	Retirada	34	117	23.448,68	-	23.448,68	200,42	689,67
	Total	44.208	370.029	101.162.677,11	6.306.615,63	107.465.427,89	290,40	2.430,99

A variación dos dereitos entre a situación consolidada para 2007 e a situación consolidada para 2008 pode verse no cadro seguinte:

	Agricultores	Nº de dereitos iniciais			Importes(€)			(€)/ Agricultor
		Normal	Especial	Retirada	Inicial	Reserva	Total	
Campaña 2007	44.384	323.276	8.733	119	101.293.306,28	3.748.041,36	105.041.794,87	2.366,66
Campaña 2008	44.208	361.775	8.137	117	101.158.812,26	6.306.615,63	107.465.427,89	2.430,99
(2008-2007) 2007 %	-0,40	+11,90	-6,82	-1,68	-0,13	+68,26	+2,30	+2,72

Cadro 2.14
Réxime do pagamento único. Variación dos dereitos asignados entre as campañas 2007 e 2008

Entre as dúas campañas constátase:


- Unha diminución do número de agricultores con dereitos en 176, equivalente ao 0,40 % dos existentes en 2007.
- Unha diminución dos dereitos especiais por transformación en dereitos normais.
- Un incremento dos dereitos normais como consecuencia da asignación de dereitos normais da Reserva Nacional.
- Un incremento dos importes asignados da reserva nacional nun 68.26 % por asignación a produtores de leite con cata da reserva nacional.
- Un incremento dos importes totais dos dereitos asignados do 2.30% polas asignacións da reserva.

No cadro 2.15 e gráfico 2.1 refléctese a distribución provincial de agricultores e importes de dereitos a finais do ano 2008. A provincia de A Coruña, con 16.254 agricultores (35,20 %), e a de Lugo con 48.342.367,85 euros (44,98 %) concentran as cifras máis significativas nesta asignación de dereitos.

Provincia	Agricultores		Importes	
	Número	%	Euros	%
A Coruña	16.254	36,77	37.827.703,39	35,20
Lugo	15.522	35,11	48.342.367,85	44,98
Ourense	6.387	14,45	10.343.341,54	9,62
Pontevedra	6.045	13,67	10.952.015,11	10,19
Galicia	44.208	100,00	107.465.427,89	100,00

Cadro 2.15
Dereitos de pagamento único consolidados 2008. Distribución provincial de importes e agricultores

Gráfico 2.1
Dereitos de pagamento único consolidados 2008. Distribución provincial de agricultores e importes




Así mesmo no Cadro 2.16 e Gráfico 2.2 resúmese a distribución de dereitos do RPU en Galicia segundo importe asignado por agricultor para a campaña 2008.

Cadro 2.16
Distribución de agricultores e dereitos do RPU.Campaña 2008. (Segundo importes por agricultor)

Euros/Agricultor	Agricultores	Dereitos	Importes
≤ 100	3.498	5.027	202.262,67
100 a 250	7.138	14.987	1.231.375,17
250,10 a 500	7.244	28.171	2.610.624,70
500,10 a 1.000	6.854	46.300	4.912.540,48
1.000,10 a 2.500	7.698	75.210	12.481.508,48
2.500,10 a 5.000	5.638	66.428	20.109.578,67
5.000,10 a 10.000	3.961	62.854	27.528.943,84
10.000,10 a 25.000	1.874	53.231	27.573.418,21
> 25.000	303	17.854	10.815.175,67
Totais	44.208	370.062	107.465.428,00

Gráfico 2.2
Distribución de agricultores e importes do RPU.Campaña 2008. (Segundo importes por agricultor)



Na información anterior obsérvase que 3.498 agricultores, 7,9 % do total de Galicia, teñen un importe unitario de dereitos por agricultor inferior a 100 e o total deles supón menos do 0,2 % do importe total de dereitos da Comunidade Autónoma.

Así mesmo 24.734 agricultores (55,9 %) teñen asignados unicamente 9 millóns de euros (8,33 % do total) e un importe unitario por agricultor inferior a 1.000 euros.

Pola outra banda, unicamente 303 agricultores (0,7 % do total) teñen un importe unitario superior a 25.000 euros e supón un total de 10,8 millóns de euros (10,06 % do total).

> Evolución dos dereitos asignados dende a campaña 2006

Na evolución dos dereitos asignados a agricultores da Comunidade Autónoma de Galicia inflúen as cesións, a asignación de dereitos da reserva nacional e a retirada de dereitos por non utilización dos mesmos. Neste último apartado unicamente, ata o de agora, se consideran as retiradas de dereitos asignados da reserva nacional.

	2006	2007	2008
Agricultores titulares de dereitos RPU	44.927	44.384	44.208
Número de dereitos RPU	335.561	332.128	370.029
Importes (euros)	106.509.953,41	105.041.794,87	107.465.427,89

Cadro 2.17
Evolución de agricultores titulares de dereitos de pagamento único e de dereitos do RPU. Galicia 2006 a 2008




Gráfico 2.3
Evolución de agricultores titulares de dereitos de pagamento único e de dereitos do RPU. Galicia 2006 a 2008

Na evolución contátase a diminución de agricultores con dereitos como consecuencia de cesións ou fusión de explotacións, a diminución de importes asignados en 2007 en relación con 2006 polo axuste xeral das asignacións ás dispoñibilidades do Estado, e o incremento dos importes e dereitos en 2008 como consecuencia das asignación de importes da reserva nacional nese ano aos produtores lácteos que obtiveron cota da reserva nacional.

2.3.2. AXUDA DO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO CORRESPONDENTE A 2008

A xestión desta axuda fíxose no marco do Regulamento 1782/2003, do 29 de setembro, e de acordo coa convocatoria de axudas da Orde da Consellería do Medio Rural do 31 de xaneiro de 2008 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2008.

2.3.2.1. Presentación de solicitudes

A axuda do réxime de pagamento único está integrada, para a súa tramitación, na solicitude unificada de axudas 2008 para a que se estableceu desde ano 2007, ademais do sistema xeral de presentación de solicitudes un sistema de tramitación utilizando unha aplicación WEB e o rexistro telemático de solicitude.

> Aplicación WEB-PAC 2007 e rexistro telemático.

O sistema permite a solicitude das axudas ben directamente polo agricultor ou a través dunha entidade colaboradora.

- **Tramitación directa polo agricultor:**

Neste caso o solicitante debe dispoñer do equipamento informático axeitado e de acceso a internet, máis dispoñer do certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.

- **Tramitación a través da entidade colaboradora:**

A entidade debe ter asinado un convenio co FOGGA para esta finalidade e dispoñer dos equipamentos informáticos e acceso a internet pertinentes, ademais dun certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.

O agricultor debe facilitar á entidade colaboradora o DNI/NIF/NIE e a clave persoal ou PIN que lle enviou o Fogga, para que a dita entidade poida acceder á información relativa á solicitude do agricultor, dispoñible na WEB da Consellería do Medio Rural.

A través de calquera dos dous sistemas utilízase na xestión unha aplicación informática de captura de información e elaboración de solicitudes que dispón da base de datos de solicitantes da PAC 2007, parcelas solicitadas en 2007, censos gandeiros, cota láctea e dereitos de primas gandeiras a inicio de 2008, dereitos do réxime de pagamento único de agricultores de Galicia e parcelas do SIXPAC da Comunidade Autónoma..

> Información previa

Os agricultores reciben, previamente á solicitude unha carta personalizada coa indicación da clave/PIN, as parcelas validadas na campaña 2007, e os censos gandeiros, cota láctea e dereitos de primas gandeiras ao inicio de 2008.

Así mesmo reciben información sobre a documentación necesaria para cada liña de axuda.

> Procedemento

O agricultor recibe a información previa á solicitude, completa os datos para a campaña 2008 e diríxese á entidade colaboradora onde lle solicitan o DNI/NIF/NIE e a clave/pin para realizar a solicitude a través da aplicación WEB-PAC 2008. Validada a solicitude remítese ao rexistro telemático que devolve a información relativa a este feito.

O agricultor recibe unha copia completa impresa da solicitude rexistrada. Recibe así mesmo unha páxina resumo da solicitude e relación da documentación complementaria necesaria que deberá presentar na Oficina Agraria Comarcal (OAC). Un ficheiro non modificable queda no servidor da Administración.

Na OAC o agricultor presenta o resumo da solicitude e a documentación complementaria para cada axuda e un funcionario comproba que o solicitante, asinando no apartado correspondente, outorga a representación ao representante da entidade colaboradora na xestión, a efectos de presentación da solicitude e rexistro da mesma.

No caso de tramitación directa o procedemento é similar, debendo sempre o solicitante presentar a documentación complementaria, en papel, na OAC.

> Tramitacións incluídas na solicitude unificada

Na tramitación de solicitudes participaron 16 entidades colaboradoras, no marco dos convenios asinados co Fogga co obxecto de facilitarlles aos agricultores a presentación destas solicitudes a través das sucursais das devanditas entidades na totalidade da Comunidade Autónoma.

Ás xestións nas que colaboraron estas entidades no ano 2007 engadíronselles as relativas ao pagamento adicional de vacún de calidade, ás axudas agroambientais do período 2000-2006 e as axudas incluídas no contrato de explotación sustentables (CES), agrupadas nunha solicitude unificada de axudas da Política Agrícola Común e de Desenvolvemento Rural PAC-DR 2008, segundo se indica a continuación:

1. Axuda do réxime de pagamento único desligado da produción.
2. Solicitude da reserva nacional de dereitos do réxime de pagamento único

3. Axuda ligada por superficies de cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas, proteaxinosas, liño e retirada voluntaria da produción).
4. Prima específica ás proteaxinosas.
5. Axuda ligada en beneficio dos produtores de ovino-cabrún.
6. Axuda ligada en beneficio dos produtores que manteñan vacas nutrices.
7. Pagamentos adicionais ás vacas nutrices (Art. 69 R (CE) 1782/2003).
8. Pagamentos adicionais no sector lácteo (Art. 69 R (CE) 1782/2003).
9. Pagamentos adicionais aos produtores de carne de vacún de calidade (Art. 69 R (CE) 1782/2003)
10. Indemnización compensatoria.
11. Pagamentos de axudas agroambientais período 2000-2006
12. Axudas incluídas no contrato de explotación sustentable (CES)

O prazo de presentación de solicitudes foi do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2008.

Previamente á apertura do prazo de presentación de solicitudes, o Fogga remitiu aos produtores como se ten dito unha carta persoal informativa da campaña. Tamén previamente á apertura do prazo de solicitude, o Fogga:

- a) Desenvolveu unha aplicación informática para a súa utilización polas entidades colaboradoras e agricultores para a captura de datos, impresión de solicitudes para asinaren os produtores e xeración dos ficheiros cos datos destes.
- b) Impartiu cursos de formación ao persoal das entidades financeiras colaboradoras na tramitación.
- c) Realizou reunións informativas coas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) da Consellería do Medio Rural.

> Entidades colaboradoras

Entre as entidades colaboradoras que participaron na xestión foron as mesmas que o fixeran en 2007.

No cadro 2.18 inclúense as solicitudes presentadas nas entidades colaboradoras e tamén as solicitudes presentadas directamente por agricultores individuais utilizando a aplicación WEB-PAC 2008, e que foron 65. A deficiente implantación

de internet no rural, a complexidade da solicitude unificada e o escaso coñecemento dos temas informáticos polos agricultores dificultan a solicitude directa das axudas polos interesados.

As solicitudes tramitadas que alcanzaron un total de 44.738, o que supón un descenso de 1.247 (2,71 %) sobre as solicitudes unificadas PAC-2007, que foran 45.985. Este descenso foi debido, principalmente, ao abandono da actividade polos agricultores de máis idade, sen relevo na titularidade da explotación.

Entidade	Solicitudes	Porcentaxe (%)	Cadro 2.18 Solicitudes por entidades colaboradoras das Solicitudes unificadas PAC-DR recibidas en 2008
AGACA	459	1,03	
BANCO BILBAO VIZCAYA	3.445	7,70	
BANCO ESPAÑOL DE CRÉDITO	5.304	11,86	
BANCO POPULAR ESPAÑOL	40	0,09	
BANCO SANTANDER	1.606	3,59	
BANCO DE GALICIA	1.289	2,88	
BANCO ETCHEVERRÍA	69	0,15	
BANCO GALLEGO	1.183	2,64	
BANCO PASTOR	4.408	9,85	
BANCO CAIXA GERAL	107	0,24	
CAJA DE A. Y P. DE BARCELONA	563	1,26	
CAIXA GALICIA	18.159	40,59	
CAIXA RURAL GALEGA	2.474	5,53	
CAIXANOVA	5.531	12,36	
CAJA RURAL P.ZAMORA	36	0,08	
CAJA DUERO	0	0,00	
NINGUNHA (Individuais)	65	0,15	
Total	44.738	100,00	

A distribución de solicitudes recibidas entre as catro provincias indícase no cadro 2.19.

Provincia	Número	%	Cadro 2.19 Solicitudes unificadas PAC-DR recibidas en 2008. Distribución provincial
A Coruña	16.037	35,85	
Lugo	16.441	36,75	
Ourense	6.476	14,48	
Pontevedra	5.784	12,93	
Galicia	44.738	100,00	

No cadro 2.20 indícase os solicitantes do réxime de pagamento único e o importe dos dereitos solicitados en Galicia no ano 2008, distribuídos por provincias, que ascenderon a 40.856, cun importe de dereitos de 105.144.220,16 euros.

Cadro 2.20
Distribución provincial de solicitantes e importes de pagamento único 2008

Provincia	Agricultores		Importes	
	Número	%	Euros	%
A Coruña	14.951	36,59	35.613.018,27	33,87
Lugo	14.874	36,41	47.398.132,76	45,08
Ourense	5.901	14,44	10.617.008,89	10,10
Pontevedra	5.130	12,56	11.516.060,24	10,95
Galicia	40.856	100,00	105.144.220,16	100,00

As superficies declaradas por 35.021 agricultores de Galicia para xustificación de 326.781 dereitos de pagamento único con superficies ascenderon a 517.602,03 has, distribuídas en 1.398.459 recintos SIXPAC, cunha media de 0,37 ha por recinto e 13,15 ha por expediente, segundo se indica no cadro 2.21.

Cadro 2.21
Solicitudes de pagamento único baseado en superficies. Superficies declaradas. Campaña 2008

Provincia	Solicitudes	Nº de dereitos solicitados	Recintos/ Parcelas	Superficie (hectáreas)		
				Total	ha/expl.	ha/recinto
A Coruña	13.141	79.554	352.874	139.186,59	9,61	0,39
Lugo	12.063	159.196	625.697	250.749,78	17,60	0,36
Ourense	5.486	58.794	245.056	79.461,06	13,80	0,32
Pontevedra	4.331	29.237	174.832	48.204,60	9,91	0,28
Galicia	35.021	326.781	1.398.459	517.602,03	13,15	0,37

Así mesmo, para a xustificación de 6.891 dereitos especiais, baseados en 91.426,01 UGM, 5.865 produtores presentaron as correspondentes solicitudes de acordo coa distribución provincial que se reflicte no cadro 2.22.

Cadro 2.21
Solicitudes de pagamento único baseado en superficies. Superficies declaradas. Campaña 2008

Provincia	Expedientes	Dereitos especiais	
		Número	UGM
A Coruña	1.489	1.594	21.326,03
Lugo	3.096	3.905	57.224,60
Ourense	384	403	3.075,52
Pontevedra	896	989	9.799,86
Galicia	5.865	6.891	91.426,01

2.3.2.2. Pagamento das axudas do Réxime de Pagamento Único

> Plans de control

No marco dos “plans nacionais de controis” de axudas por superficies e axudas gandeiras redactados polo FEGA, o Fogga estableceu os plans de controis administrativos e sobre o terreo das axudas por superficies e superficies forraxeiras e da indemnización compensatoria (punto 3.1.3.1), así como os correspondentes a primas gandeiras na campaña 2008 (ver máis adiante: cadro 4.8). Os resultados deses controis teñen repercusión tamén no pagamento único por explotación desligado da produción.

> Pagamento das axudas

De acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, os pagamentos da axuda única por explotación desligada da produción efectuaranse no período comprendido entre o 1 de decembro do ano da solicitude, neste caso 2008, e o 30 de xuño do ano seguinte, 2009.

No cadro 2.23 figuran os pagamentos da axuda única de 2008 realizados polo Fogga a finais de decembro de 2008, en cada provincia. Trátase dos importes transferidos aos produtores, unha vez descontado o 5% da axuda polo concepto de modulación.

Provincia	Agricultores		Importes	
	Número	%	Número	%
A Coruña	14.021	37,52	31.237.247,05	36,15
Lugo	13.132	35,14	38.482.059,48	44,54
Ourense	5.611	15,02	8.246.577,83	9,54
Pontevedra	4.604	12,32	8.439.863,20	9,77
Galicia	37.368	100,00	86.405.747,56	100,00

Cadro 2.23
Réxime de Pagamento Único.
Campaña 2008. Importe das
axudas pagadas a 31.12.2008

Nos cadros 2.24 e 2.25 indícanse os agricultores e pagamentos efectuados por dereitos xustificadas con superficies e UGM, respectivamente.

Cadro 2.24
Régime de Pagamento Único.
Campaña 2008. Pago de axudas baseadas na superficie a 31.12.2008

Provincia	Agricultores	Dereitos	Superficie declarada (ha)	Superficie validada (ha)	Axuda (euros)
A Coruña	12.951	70.890,25	119.637,89	118.510,67	29.041.882,05
Lugo	11.103	134.597,43	193.676,77	192.123,99	30.280.491,42
Ourense	5.320	50.019,94	68.950,24	68.640,11	7.989.530,51
Pontevedra	4.017	23.365,96	38.496,10	38.199,06	6.990.379,51
GALICIA	33.391	278.873,58	420.761,00	417.473,83	74.302.283,49

Cadro 2.25
Régime de Pagamento Único.
Campaña 2008. Pago de axudas baseadas nas UGM a 31.12.2008


Provincia	Agricultores	UGM período referencia	UGM campaña 2008	Dereitos especiais	Axuda (euros)
A Coruña	1.406	19.286,97	28.070,97	1.526,74	2.195.365,00
Lugo	2.872	49.869,70	84.427,29	3.703,49	8.201.568,06
Ourense	352	2.654,85	4.502,85	366,55	257.047,32
Pontevedra	856	9.158,48	17.161,94	964,72	1.449.483,69
GALICIA	5.486	80.970,00	134.163,05	6.561,50	12.103.464,07

A finais de 2008 (dentro, pois, do primeiro mes dos 7 que establece a normativa comunitaria) tiñan percibido en Galicia a axuda do pagamento único 37.368 agricultores dos 40.856 que a solicitaran, o que supón o 91,46% do total de solicitantes. O resto dos agricultores, con expedientes pendentes por algún tipo de documentación ou trámite a completar, deberán percibir a axuda, no caso de que finalmente teñan dereito a ela, antes do 30 de xuño de 2009.

Do total de pagamentos efectuados, 86.405.747,56 euros, 74.302.283,49 euros (85,99%) pagáronse en función da superficie da explotación que cumpría as condicións para percibir o pagamento único, independentemente da actividade produtiva efectuada nas terras, e 12.103.464,07 euros (14,01%) abonáronse en función das UGM da explotación en 2008, por corresponderse con dereitos especiais dos produtores xustificadas con gando vacún, ovino e cabrún.

No Mapa nº 1 figura a distribución por concellos do pagamento único por explotación, desligado da produción, abonado en 2008. Pódese observar que en concellos os pagamentos percibidos superaron o millón de euros, mentres que, no extremo contrario, en municipios estas axudas non superan os mil euros.

Mapa 1
 Distribución por concellos do
 Pagamento Único por explotación desligado da produción. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.12.2008 ao 31.12.2008



PAGAMENTO ÚNICO
 (Rangos en 1.000€)

- Ata 1 (30)
- Entre 1 e 50 (100)
- Entre 50 e 500 (118)
- Entre 500 e 1.000 (36)
- Más de 1.000 (31)

2.3.3. EVOLUCIÓN DAS AXUDAS DIRECTAS A EXPLOTACIÓNS DERIVADAS DA PAC NO PERÍODO 2000 A 2008

A Axenda 2000, aprobada en 1999, definiu o contido da PAC para o período 2000-2006, cunha previsión de redución de prezos en diversos sectores ou producións agrarias e compensando aos agricultores con axudas directas.

O sector lácteo incorporouse a este sistema de axudas directas en 2004.


A reforma aprobada en 2003 significou o cambio máis importante dende o establecemento da PAC, polo feito de desligar unha parte importante das axudas directas da produción e integrándoas nun pagamento único por explotación en función das axudas percibidas nos anos 2000, 2001 e 2002. No caso do sector lácteo tomouse como referencia a cota láctea da explotación a 31 de marzo de 2006.

A partir da campaña 2006, no Estado solicitáronse e pagáronse as axudas no marco da reforma do ano 2003.

No cadro 2.26 e no gráfico 2.4 indícanse os importes dos pagamentos de axudas directas segundo ano de solicitude, para as diferentes liñas de axuda en cada campaña.

Cadro 2.26
Importe dos pagamentos de axudas directas segundo ano de solicitude. Galicia período 2000-2008

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008(*)	2008(**)
Pagamento único	-	-	-	-	-	-	100.094.275	96.933.587	86.405.748	14.087.409
Pagamento adicional modul.	-	-	-	-	-	2.836.614	3.902.181	4.736.105	-	4.736.140
Superficies	15.925.819	17.524.043	18.977.733	19.528.573	19.826.639	18.451.354	4.333.626	4.206.015	3.366.647	435.514
Vacas nutrices	36.738.794	36.166.177	39.597.436	40.192.336	39.637.118	36.065.605	23.098.089	22.434.142	-	22.425.675
Especial bovino macho	6.886.720	7.215.577	9.144.194	10.637.654	12.456.682	15.332.769	-	-	-	-
Sacrificio vacún	4.403.615	9.318.660	13.157.581	15.852.938	17.325.728	15.638.161	4.587.273	4.620.035	-	4.614.099
Ovino cabrún	3.643.014	2.290.481	4.186.336	4.076.199	4.148.450	3.715.111	1.810.284	1.645.793	1.574.145	49.397
Prima láctea	-	-	-	-	20.841.887	41.167.834	-	-	-	-
Adicional láctea	-	-	-	-	-	-	7.646.250	7.626.052	7.509.443	118.337
Adicional vacas nutrices	-	-	-	-	-	-	5.384.330	5.318.467	-	5.312.093
Adicional vacún de calidade	-	-	-	-	-	-	855.973	744.499	-	738.125
Totais	67.597.962	72.514.878	85.063.280	90.287.700	114.236.504	133.207.448	151.712.282	148.264.695	98.855.982	52.516.790



Inclúese información do período de referencia utilizado na implantación do réxime de pagamento único (2000 a 2002), do período posterior e previo á implantación do réxime de pagamento único (2003 a 2005) e dos tres anos nos que xa está implantado o novo réxime (2006 a 2008).

Dado que a información corresponde a pagamentos das solicitudes presentadas en cada campaña, no caso da campaña 2008 inclúense os pagamentos por liña até finais de 2008 e unha estimación de pagamentos das liñas que a esa data non era posible pagar (nutrices, adicional de nutrices, sacrificio de vacún, vacún de calidade, adicional de modulación) e dos pagamentos pendentes noutras liñas pagadas parcialmente a 31.12.2008.

As axudas directas pagadas en Galicia aumentaron de 67,60 millóns de euros en 2000 a 151,7 en 2006, o que supón multiplicar por 2,24 o importe do primeiro ano. No 2007 diminuen ata 148,,26 e ate decembro 2008 se teñen pagado 98.85, estimándose que nesa campaña os pagamentos totais cheguen a 151,37 millóns de euros.

Nestas variacións inflúen as seguintes causas:

- > Incremento dos importes unitarios das axudas derivadas da Axenda 2000.
- > Incremento dos animais solicitados nas primas de gando vacún (sacrificio e especial de becerros).
- > Introducción da prima láctea en 2004 e 2005, con importes unitarios crecentes até 2006, ano no que se integra no pagamento único.

➤ A lixeira diminución das axudas en 2007 e previsión para 2008 débese ao abandono da actividade de produtores con dereitos de pagamento único que non ceden os dereitos a outros produtores e que polos que non se solicitou axuda.

➤ Á diminución da axuda ligada ás vacas nutrices por transferencia de dereitos a outras Comunidades Autónomas.

No Cadro 2.27 distribúense as axudas pagadas en tres grupos: As incluídas no pagamento único e polo tanto independentes da produción obtida na explotación, as que aínda se manteñen ligadas á actividade produtiva, as relativas á mellora da calidade das producións ou á conservación do medio e, finalmente, o pagamento adicional de modulación.

No ano 2007, última campaña con pagamentos finalizados, xa que na campaña 2008 non rematarán até 30 de setembro de 2009, os pagamentos totais realizados foron próximos aos 148.2 millóns de euros. Destes pagamentos máis de 99,9 millóns de euros (67,40 %) corresponden ao réxime do pagamento único desligado da produción, 30.43 millóns de euros (20,53 %) a axudas ligadas á produción, fundamentalmente vacún de carne e dentro desta actividade vacas nutrices, case 13,7 millóns de euros (9,23 %) están relacionados con axudas á mellora da calidade e protección do medio ambiente de acordo co previsto no artigo 69 do Regulamento 1782/2003, e 4.2 millóns de euros (2,84 %) pagáronse en concepto de pagamento adicional por modulación.

Cadro 2.27
Distribución de pagamentos
segundo tipo de axuda. Gal-
cia.Campaña 2007

Tipo de axudas	Axudas pagadas	
	Importes(€)	%
Pagamento Único	99.933.587	67,40
Ligadas á produción	30.436.076	20,53
Calidade e conservación do medio (Art. 69)	13.689.017	9,23
Adicional modulación	4.206.015	2,84
Totais	148.264.695	100,00


2.3.4. MODULACIÓN. APLICACIÓN ÁS AXUDAS DA CAMPAÑA 2007

De acordo co indicado no apartado 2.1.4 desta Memoria, a todos os pagamentos de axudas directas da PAC efectuados en 2008 que correspondían á campaña 2007 aplicóuselles unha redución do 5 % en concepto de modulación, da mesma maneira que aos pagamentos desa campaña feitos dentro do ano 2007.

€/Agricultor	Agricultores		Axudas	
	Número	%	Importe (€)	%
Máis de 25.000	459	0,97	17.007.047,90	11,47
Entre 10.001 e 25.000	2.765	5,82	40.385.273,15	27,24
Entre 5.001 e 10.000	5.927	12,47	41.447.236,01	27,95
Entre 2.501 e 5.000	7.480	15,74	26.878.438,82	18,13
Entre 1.001 e 2.500	8.992	18,92	14.975.568,86	10,10
Entre 501 e 1.000	6.086	12,81	4.380.411,26	2,95
Entre 251 e 500	5.799	12,20	2.109.160,32	1,42
Entre 101 e 250	4.900	10,31	853.641,82	0,58
Menor ou igual a 100	5.114	10,76	227.916,75	0,15
Total	47.522	100,00	148.264.694,89	100,00

Cadro 2.28
Distribución das axudas directas da PAC segundo a contía dos pagamentos totais por agricultor. Galicia, campaña 2007

AGRICULTORES CON PAGOS NA CAMPAÑA 2007



TOTAL AXUDAS PAGADAS NA CAMPAÑA 2007




Gráfico 2.5
Agricultores con pagamentos na campaña 2007

Rematado, o 30 de xuño de 2008, o prazo normal para os pagamentos da campaña 2007 de todas as liñas de axuda (pago único, superficies, ovino-cabrún, nutrices, prima por sacrificio, etc.), eses pagamentos beneficiaron en Galicia a un total de 47.522 agricultores, e a súa contía, antes de descontar o 5 % da modulación, ascendeu a 148.264.694,89 euros, coa distribución en función do importe percibido que se indica no cadro 2.23.

Do total de 47.522 perceptores, 9.151 (o 19.3 %) recibiron uns pagamentos directos superiores a 5.000 euros, e concentran (98,84 millóns de euros) o 66,7 % do total de axudas (148,27 millóns de euros). Ao resto de agricultores, 38.371 (o 80.7 %), correspondeulles menos de 5.000 euros anuais, sumando un total de 49.43 millóns de euros.

Cadro 2.29
Número de expedientes e importes do pagamento adicional da modulación por provincias. Campaña 2007

Provincia	Produtores	Importes (€)			Pagamento adicional/ importe retido (%)
		Retido	Pagamento adicional	Retido-Pagamento	
A Coruña	16.885	2.441.131,49	1.586.729,79	854.401,70	65,00
Lugo	16.451	3.621.746,46	2.210.849,08	1.410.897,38	61,04
Ourense	6.607	798.920,89	488.640,22	310.280,67	61,16
Pontevedra	6.951	661.849,72	449.885,67	211.964,05	67,97
Galicia	46.894	7.523.648,56	4.736.104,76	2.787.543,80	62,95

O pagamento adicional aos produtores, correspondente á modulación, equivaleu para os pagamentos da campaña 2007 ao 5 % do total dos pagamentos recibidos no caso de produtores con axuda total igual ou inferior a 5.000 euros, e a 250 euros (o 5 % dos primeiros 5.000 euros de axuda) no caso de pagamentos totais superiores. Todo iso sempre que o importe total dos pagamentos adicionais non supere o máximo establecido para o Estado, situación que se cumpriu na dita campaña polo que non houbo que aplicar ningún coeficiente redutor do pagamento.

O total de importes devoltos aos agricultores como pagamento adicional da modulación de 2007, que foron abonados antes do 30 de setembro de 2008, ascendeu a 4.736.104,76 euros, distribuídos entre provincias de acordo co indicado no cadro 2.29.


O importe da modulación descontada en 2007 a estes agricultores foi inicialmente de 7.523.648,56 euros (cadro 2.29). Pero posteriormente realizouse un pagamento adicional de 4.736.104,76 euros, ao abonar as cantidades descontadas inicialmente que correspondían aos primeiros 5.000 euros de axuda de cada produtor. Deste modo, o desconto derivado da modulación limitouse finalmente a 2.787.543,80 euros, recaendo sobre o 19,3 % de agricultores que percibiron máis de 5.000 euros de axuda ese ano.

Tendo en conta a escasa contía das axudas derivadas da PAC que perciben en Galicia a maioría dos agricultores, o importe deste pagamento adicional, que como máximo foi de 250 euros, foi tamén na maioría dos casos moi reducido. De feito, para 8.117 produtores non superou os 10 euros, e para 240 non chegou a un euro (cadro 2.30). Estamos, pois, ante un aspecto que debería ser abordado dentro do proceso de simplificación da PAC que a Comisión Europea afirma querer impulsar.

€/Agricultor	Agricultores		Axudas	
	Número	%	Importe (€)	%
0 a 1	240	0,51	184,87	0,00
1 a 5	4.550	9,70	10.761,36	0,23
5 a 10	3.327	7,09	25.023,29	0,53
10 a 25	7.278	15,52	121.926,63	2,57
25 a 50	6.028	12,85	217.065,03	4,58
50 a 100	6.559	13,99	479.104,01	10,12
100 a 150	4.314	9,20	531.964,37	11,23
150 a 200	3.121	6,66	542.577,37	11,46
200 a 250	11.477	24,47	2.807.497,83	59,28
Total	46.894	100,00	4.736.104,76	100,00

Cadro 2.30
Importes do pagamento adicional por modulación. Galicia, campaña 2007

AGRICULTORES CON PAGOS MODULACIÓN 2007



IMPORTES PAGAMENTO ADICIONAL MODULACIÓN 2007





Gráfico 2.6
Importes do pagamento adicional por modulación. Galicia, campaña 2007

No Mapa Nº 2 figura a distribución por concellos do pagamento adicional da modulación correspondente á campaña 2007. Esta distribución xeográfica non fai senón enfatizar a idea xa exposta: estamos ante un mecanismo que implica unha forte carga de xestión, para unhas contías económicas de moi escasa magnitude. De feito, unicamente en 26 concellos, dos 315 existentes en Galicia, a contía global destes pagamentos adicionais superou os 50.000 euros, mentres que en 81 concellos non chegou aos 1.000 euros.

Mapa 2
Distribución por concellos do pagamento adicional de modulación da campaña 2007. Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2008 ao 31.12.2008



MODULACIÓN
(Rangos en 1.000€)

	Ata 1	(81)
	Entre 1 e 5	(67)
	Entre 5 e 15	(65)
	Entre 15 e 50	(76)
	Máis de 50	(26)

2.3.5. CONDICIONALIDADE

2.3.5.1. Competencias e actuacións

O Decreto 106/2007, do 31 de maio (DOG 11.06.2007), sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación ao desenvolvemento rural e ás axudas directas da política agraria común, precisa os órganos especializados para desenvolver as actividades de control do cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais a que se refire o artigo 5 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, de 29 de setembro, e do cumprimento dos requisitos legais de xestión, nos ámbitos enumerados no artigo 4 do mesmo Regulamento.

Estes órganos especializados de control realizan as súas funcións no marco da normativa comunitaria, estatal e autonómica e máis concretamente no marco do Plan Nacional Anual de Control da Condicionalidade elaborado polo FEGA e do Plan autonómico anual de controis da Condicionalidade elaborado polo Fogga.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria é o órgano especializado de control para o cumprimento das obrigas de condicionalidade en relación cos requisitos legais de xestión sobre:

- a)** Saúde pública, sanidade e identificación e rexistro de animais.
- b)** Saúde pública e cuestións veterinarias e fitosanitarias.
- c)** Notificacións de enfermidades.
- d)** Benestar dos animais.
- e)** Medio ambiente no relativo á utilización de lodos de depuradora na agricultura e á protección de augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura.

O Fogga é o órgano especializado de control para o cumprimento das obrigas da condicionalidade en relación con:

- a)** Boas condicións agrarias e ambientais.
- b)** Dos requisitos legais de xestión sobre:
 - Conservación de aves silvestres.
 - Protección de augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas substancias perigosas.
 - Conservación dos hábitats naturais de faena e flora silvestres.

Cada órgano especializado de control realiza as labores de divulgación e información específica sobre as materias nas que é competente, selecciona as explotacións agrarias obxecto de control, efectúa os controis sobre o terreo e emite os informes específicos dos resultados de control que darán lugar ás reducións de axudas directas polos servizos xestores das axudas FEAGA e FEADER.

Dentro das labores de información e divulgación leváronse a cabo en 2008 os seguintes cursos de formación de persoal para a xestión de axudas da PAC no relativo á condicionalidade:

- “A condicionalidade nas axudas da PAC: Coordinación de actuacións na xestión e control”, de 8 horas de duración, que tivo lugar en Santiago de Compostela con aistencia de 50 técnicos dos servizos centrais e provinciais da Consellería
- “A condicionalidade nas axudas da PAC: Información, divulgación e controis sobre o terreo”, de 15 horas de duración, con catro edicións, en A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra con aistencia dun total de 133 técnicos dos servizos provinciais e oficinas comarcais da Consellería.

A Comisión de seguimento da condicionalidade, establecida no Decreto 106/2007, ten atribuídas as funcións de coordinación, seguimento e avaliación das actuacións de control e reuniuse en 2008 en tres ocasións.

2.3.5.2. Plan de Controis 2008

No plan de controis sobre o terreo da condicionalidade para 2008 estableceuse unha metodoloxía de coordinación entre os órganos especializados de control e os servizos xestores das axudas financiadas polo FEAGA e o FEADER, na que o Fogga centraliza a información dos solicitantes e dos resultados dos controis efectuados.

O número de solicitantes de axudas FEAGA e FEADER en 2007 foi de 45.566 e 15.056 respectivamente, segundo se indica no cadro 2.31.

Cadro 2.31
Solicitantes FEAGA e FEADER
en 2008

	Totais		Selección admisibilidade
	FEAGA	FEADER	
A Coruña	16.510	2.396	1.484
Lugo	16.194	8.874	1.592
Ourense	6.487	1.787	582
Pontevedra	6.375	1.999	545
Galicia	45.566	15.056	4.203

O Fogga efectúa a selección de agricultores nas materias da súa competencia sobre a mostra de solicitantes xa elixidos para os controis de admisibilidade das axudas correspondentes no ano 2008.

A selección de agricultores efectuouse en base a unha análise de riscos e o nivel de risco asignado a cada agricultor estableceuse en función dos actos e normas a aplicar de acordo coas seguintes características da explotación:

- Relacionados con superficies: Solicitantes que declaren superficies, que as dediquen a cultivos de cereal, oleaxinosas ou proteaxinosas, ou pastos permanentes, ubicadas na rede natura 2000, ou nas que se empreguen lodos de depuradora.
- Relacionados coa gandería: Número de UGM e tipo de gando.
- Outros datos: Existencia de denuncias de incumprimentos de requisitos da condicionalidade nos anos 2005 e 2006 debidamente documentados, e importe das axudas.

O Fogga seleccionou un total de 490 agricultores beneficiarios de axudas FEAGA e 232 agricultores beneficiarios de axudas FEADER.

No cadro 2.32 indícanse os controis realizados polo Fogga e polos restantes órganos especializados de control nos distintos ámbitos e provincias na campaña 2008.

Organismo de control			A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
			FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER
DXPICA	Subdirección Xeral de Gandería	SPZF	155	3	179	25	20	5	50	6	404	39
		I&R bovino	1.094	47	1.129	250	189	75	377	33	2.789	405
		I&R ovino-cabrún	133	13	187	37	97	15	56	4	473	69
	Subdirección Xeral de Produción Agraria Sustentable e Fomento Asociativo	164	6	187	36	58	13	45	7	454	62	
FOGGA			167	35	186	127	71	30	66	40	490	232

Cadro 2.32
Controis sobre o terreo da condicionalidade 2008. Distribución por provincias e organismos de control

Por outra banda, conforme co establecido no plan de controis de condicionalidade, o Fogga levou a cabo unha supervisión do 5% dos controis efectuados en 2007, con respecto aos traballos de campo e actas de control nas materias nas que é competente.

Cadro 2.33
Supervisión controis condicionalidade 2007

	Controis realizados	Controis supervisados
A Coruña	155	8
Lugo	166	8
Ourense	66	4
Pontevedra	173	12
Galicia	560	32

A seguinte táboa especifica o numero solicitantes que incumpriron un determinado acto ou norma da condicionalidade no ano 2007.

Cadro 2.34
Solicitantes con incumprimentos en condicionalidade no ano 2007

Ámbito	Acto/norma	NIFs con incumprimentos
Boas condicións agrarias e medioambientais	Conservar a materia orgánica do solo	1
	Mantemento das superficies agrarias	44
	Deterioro dos hábitats	19
Saúde pública, zoonosidade e fitosanidade	I&R porcino	10
	I&R ovino-cabrún	11
	I&R bovino	66
	Comercialización fitosanitarios	1
	Substancias hormonales	2
	Seguridade alimentaria	19
Benestar animal	Encelopatías esponxiformes transmisibles	2
	Protección dos xatos	25
	Protección dos porcos	5
	Protección nas explotacións gandeiras	21
Total solicitantes que incumpriron algún acto ou norma da condicionalidade		226
Total solicitantes que incumpriron coa condicionalidade		164

A liña “Total solicitantes que incumpriron algún acto da condicionalidade” especifica o numero de solicitantes que incumpriron un determinado acto ou norma da condicionalidade, isto é, un mesmo solicitante pode figurar contabilizado en dous actos ou normas diferentes, figurando un total de 226 solicitantes.

A liña “Total solicitantes que incumpriron coa condicionalidade” especifica o numero total de solicitantes aos que se lles detectou algún incumprimento en condicionalidade, independentemente de que incumpriran un ou varios actos ou normas, resultando un total de 164 solicitantes, que son aos que se lles reduciron os pagamentos no ano 2007.

